



**Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías
da Información e a Comunicación**



www.ineo.org

**Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO**

NESTE NÚMERO...

Seguímos a voltas en Código Cero coa nosa teima de informar sobre as vantaxes de estar na Rede, vantaxes que a fin de contas son as mesmas de estar informado e de estar comunicado (as vantaxes da Rede xa existían antes dela, o novo é a infraestrutura e máis a propia canle en si mesma). Enleadas aparte, unha cousa está máis ou menos clara: non todas e todos temos as mesmas opcións e oportunidades de concorrer social, laboral ou empresarialmente na Internet. Se vives na cidade, ou nunha vila de tamaño grande ou medio, é moi probable que a Rede che saia ao paso malia que non a procures. Pero a cousa cambia e moito, se tes o domicilio no rural. Dun tempo a esta parte, e dentro das nosas limitadas posibilidades, dende esta revista estamos a loitar para que isto cambie e para que non se siga a dar o sentido da Sociedade da Información excluínte (coma se o coñecemento, ben de todos, só puidese fluír cara a onde ha hai abondadas oportunidades e servizos). Este número de Código Cero foi concibido tamén así: coma unha pequena listaxe de recursos para quen busca estar no eido dixital e non se lle ocorre como facelo. No interior, de feito, falamos polo miúdo dun destes recursos: a Rede de Telecentros ou de puntos de conexión que están arestora espallados pola nosa xeografía.

Algo semellante ao devandito (esta teima de excluír), aínda que a outro nivel, podemos dicir da situación da Rede para as persoas con diversidade funcional de todo tipo, física, sensorial ou intelectual. A Internet, malia os esforzos que se están a dar para corrixir a situación (esforzos dos que tratamos de dar conta dende esta revista, e por certo que nas páxinas interiores hai uns cantos exemplos disto), achégase máis a quen mellor se vale, deixando fóra a quen, precisamente, ha corre risco previo de exclusión social. Para quen queira afondar nesta cuestión, indicar que na páxina 21 deste número avaliamos polo miúdo un proxecto galego, nurdido ao abeiro da Universidade da Coruña, dirixido a pór de relevo esta inxustiza dixital (un eido informático que lle pecha as portas a quen máis o precisa para mellorar a súa calidade de vida) e a achegar solucións útiles e prácticas.

Por certo que este traballo a prol da dixitalización universal e a accesibilidade dentro da nosa terra semella ser tamén o obxectivo do noso persoeiro convidado deste mes de agosto, neste caso a secretaria xeral de Modernización, unha das integrantes do novo equipo da Xunta que máis vai ter que dicir no futuro das galegas e galegos na sociedade dixital. Cómpre estar atentas e atentos ao desenvolvemento dos obxectivos da secretaria xeral Mar Pereira e o seu equipo, dos que damos conta, precisamente, nas páxinas 12 e 13 deste número de Código Cero.



- NOVAS**
- 4 RESUMO DE ACTUALIDADE DE E-COMERCIO E DE EMPRESAS RELACIONADAS COAS NOVAS TECNOLOXÍAS**

- REPORTAXES**
- 7 A ASOCIACIÓN INEO PON EN MARCHA NA WEB UNHA FERRAMENTA DE AUTODIAGNÓSTICO DA INNOVACIÓN PARA EMPRESAS**
- 8 REPASAMOS AS MÁIS RECENTES NOVIDADES EN MATERIA DE REMODELACIÓN DO PANORAMA EN LIÑA GALEGO**
- 10 O EIDO DOS RECURSOS VIRTUAIS VINCULADOS Á NOSA LINGUA SEGUE A ESPALLARSE**
- 11 A PATRONAL TECNOLÓXICA ESPAÑOLA ASIMELEC REFORZA A SÚA PRESENZA EN GALICIA**
- 12 ENTREVISTAMOS A MAR PEREIRA, SECRETARIA XERAL DE MODERNIZACIÓN DA XUNTA**
- 14 A REDE DE TELECENTROS DE TELECOMUNICACIÓN, MALIA O LIXEIRO PARÓN OPERATIVO DE AGOSTO, SEGUE ADIANTE PROCURANDO POÑER A INTERNET AO ALCANCE DE TODAS E TODOS**
- 16 A INTERNET SEGUE A CONSOLIDARSE COMO VEHÍCULO DE PROMOCIÓN ARTÍSTICA: DAMOS CONTA DALGÚNS EXEMPLOS RECENTES**
- 17 AFONDAMOS NAS VANTAXES E ATRANCOS QUE VAI DEPARAR O AFIANZAMENTO DO LIBRO ELECTRÓNICO**
- 18 A INTERNET SEN FÍOS ESTÉNDESE COMO ALTERNATIVA ACCESIBLE E CÓMODA NOS LUGARES DE SOMBRA DIXITAL**
- 21 UN GRUPO DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DESENVOLVE UNHA FERRAMENTA QUE CONTRIBÚE Á INCLUSIÓN TECNOLÓXICA DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL**

- LINUX EDUCATIVO**
- 20 FALAMOS DO APLICATIVO ABERTO HANDBRAKE, INDICADO PARA RIPEAR FILMES DE XEITO CÓMODO**

- XOGOS**
- 22 ESCOLMAMOS O MÁIS SALIENTABLE DESTES DÍAS EN MATERIA DE NOVIDADES PARA A CONSOLA**



Conectados, visto no sitio de Robep en Flickr

Mádanos as túas suxestións, opinións, páxinas recomendadas, blogs ou sitios persoais ao correo electrónico: paxinas@codigocero.com. As páxinas seleccionadas recibirán de balde, por correo, a nosa revista en papel durante seis meses.

DIRECTOR_
José María Fernández Pazos
director@codigocero.com

SUBDIRECTORES_
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com
Carlos Ballesteros
subdirector@codigocero.com

REDACTORES-XEFES_
Fernando Sarasquete
redaccion@codigocero.com
Carlos Lozano
cuetorubio@yahoo.es

FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo · JoFerpa

REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
David Lombardía (Nova Economía)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Victor Salgado (Dereito)
Sevi Martínez (Xogos)
Marcus Fernández (Reportaxes)

COLABORADORES_
Sevi Martínez, Marcus Fernández,
Fernando Sarasquete, Jorge Cebreiros,
Javier Pereira e Raquel Noya.

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA_
María Jesús Vázquez

DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Victor o Victoria
info@victorovictoria.com

IMPRIME_
Celta Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30. Vigo
Tel. 986 81 46 00 · Fax 986 81 46 38

EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-Fax: 981 530 268
<http://www.codigocero.com>
redaccion@codigocero.com


CÓDIGO CERO
REVISTA DE NOVAS TECNOLÓXICAS DE GALICIA
NÚMERO 72_XULLO-AGOSTO 2009

Publicación periódica. Prezo 1 euro.
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

O "Grupo Código Cero S. L." reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ó amparo dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen a autorización da editorial.

O INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS CONTA CON NOVA PÁXINA WEB

O Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Dirección Heral de Formación e Colocación, pon en marcha unha nova páxina web, na que ofertará unha mellor información e onde incluirá datos detallados das distintas ocupacións do tecido produtivo.



O obxectivo é converter esta páxina nun «espazo de referencia» para os profesionais da Formación, do emprego e da orientación laboral,

así como para toda a poboación activa. O novo proxecto contará tamén cunha mellora técnica e cun manexo máis fácil.

En concreto, as aplicacións permitirán o acceso á información sobre o mercado laboral como contratos rexistrados, paro, afiliacións de traballadores á Seguridade Social, empresas ou ofertas de formación profesional. É preciso destacar que todas estas bases de datos proceden de organismos oficiais, como o Servizo Público de Emprego de Galicia, o estatal e a Tesourería Heral da Seguridade Social. Ademais, todos estes datos poderanse obter a distintos niveis, isto é, dentro do ámbito autonómico, provincial, comarcal ou local.

Na web poderase atopar distinta información, como os indicadores do mercado laboral, da mobilidade dos traballadores e datos anuais de ocupacións (grupos ocupacionais máis contratados para estudar a tendencia e o grao de temporalidade). Esta información complementarase cunha nova aplicación, a ferramenta denominada a miña profesión que terá como fin servir de orientación sobre as distintas ocupacións do tecido produtivo, das que incluirá datos de paro e contratos, perfís, e a formación asociada coa ocupación en cuestión.



O PROXECTO OPENCAST [NO QUE PARTICIPA A UNIVERSIDADE DE VIGO] RECIBE 1,5 MILLÓNS DE DÓLARES

As Fundacións Mellon e Hewlett achega 1,5 millóns de dólares para o financiamento do proxecto de impulso ás novas tecnoloxía na docencia OpenCast Martterhorn, xurdido na Universidade de Berkeley (California, EE.UU.) e do que tamén participa a Universidade de Vigo, polo que a universidade galega recibirá o 5% do investimento neste sistema que busca posibilitar o tratamento completo de contidos audiovisuais na docencia universitaria.


O vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade da Universidade de Vigo, Anxo Sánchez, comenta que xa levan tempo traballando nesta dirección (coma podemos ver coa súa interesante achega a iTunes U) «co software libre Pumukit, unha ferramenta importante e un dos motivos polos que nos situamos no máis alto kunto a outras universidades de todo o mundo».

O coordinador de UVigoTV, Vicente Goyanes, destacou pola súa banda que ata o de agora desenvolveron o deseño da arquitectura do sistema e a primeira versión do proxecto en si, pero precisaban «novos fondos para entrar na fase de desenvolvemento propiamente dita para a cal se fixeron diversas peticións das que agora obtivemos unha resposta positiva».



O NOVO DISCO DE MANU CHAO, EN DESCARGA LIBRE DENDE A WEB DE LA COLIFATA

Manu Chao segue a traballar para establecer novos xeitos de comunicación entre os músicos e os seareiros, xeitos que pasan por tirar abaixo unha boa parte dos métodos tradicionais de compravenda de discos, que non o negocio na súa totalidade. A idea fundamental: aplicar ao mercado



discográfico os fundamentos do chapeu dun artista que se move entre o público logo dunha actuación. Esta máxima de que cada quen pague segundo as súas posibilidades é a que acompaña a disposición na Rede do novo traballo de Manu Chao, achega musical xurdida das experiencias do músico francogalego cos/as internos/as do Hospital Psiquiátrico José Borda de Bos Aires, mundialmente coñecidos por ter mantido activa durante anos a emisora de radio La Colifata (vivalacolifata.org).

Segundo conta estes días Vieiros, é precisamente da web desta canle onde se dispuxo o novo disco de Chao en libre descarga (de balde, pero aberto ás doazóns dos internautas).

O traballo musical tivo a súa orixe nas visitas que o artista lles fixo aos internos do dito centro psiquiátrico durante unha das súas xiras en Arxentina, concretamente a da promoción do seu disco La Radiolina. Estas tomas de contacto deron como resultado unha serie de gravacións, que son as que agora se presentan, en parte para dar a coñecer os métodos alternativos de tratamento de doentes mentais (participativos, dialogantes e creativos) polos que o devandito Hospital Psiquiátrico leva loitando dende hai anos.

TELEFÓNICA E O CERMI COLABORAN PARA ACHEGARLLES AS TIC ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A operadora internacional Telefónica máilo Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), a fin de favorecer a integración na sociedade da información, a través das novas tecnoloxías e os servizos de telecomunicacións, dos colectivos máis desfavorecidos, como son os de persoas con algún tipo de discapacidade ou minusvalía, veñen de asinar un acordo de colaboración mediante o cal poidan poñer en marcha iniciativas conxuntas que favorezan a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía.



Neste acordo, asinado hoxe por Luis C. Pérez Bo, presidente de CERMI, e Luis Abril, secretario xeral técnico da Presidencia de Telefónica, ambas as dúas entidades comprometéronse a executar accións coas que responder ás necesidades das persoas con discapacidade dende unha perspectiva integral, é dicir, como clientes, empregados, provedores e cidadáns.

Neste senso, o CERMI asesorará á multinacional española sobre as necesidades e problemas de accesibilidade das persoas con discapacidade con respecto aos produtos e servizos, mentres que Telefónica creará ofertas-comerciais especialmente deseñadas e dirixidas ás persoas con discapacidade. Outra vía de colaboración inclúe proxectos pilotos e estudos para impulsar a innovación neste campo.

Asemade, o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade prestará o seu apoio a Telefónica no lanzamento dos Telefónica Ability Awards, que terán lugar proximamente en España.

Do mesmo xeito, ambas entidades están a considerar a posta en marcha de iniciativas conxuntas de comunicación, sensibilización, formación e concienciación; así como un impulso da integración laboral das persoas con discapacidade a través do emprego e a promoción das compras de produtos e servizos a Centros Especiais de Emprego.

NACE UNHA WEB MULTIMEDIA QUE PROMOVE A HISTORIA E A CULTURA DE PONTEVEDRA



Aqueles e aquelas que coñecemos Pontevedra (tiveramos ou non a sorte de poder vivir nela) e non digamos os veciños e veciñas da cidade que cada día poden perderse polas rúas do seu casco antigo e revivir a época na que

botaba a andar a Feira Franca, que por aquel entón duraba 30 días e tiña lugar na Praza da Ferrería, non podemos máis que enchernos de lecidia cando se levan a cabo iniciativas como as de José Tuñón, un pontevedrés que vén de crear a web Pontevedraparaelmundo.com, para dala a coñecer alén dos nosos lindes.

Tuñón, a quen descubrimos a través das páxinas de La Voz de Galicia, comezou este proxecto logo de observar que na Rede había unha falta considerable de webs destinadas a promocionar Pontevedra da maneira que a vila o merecía, é dicir, dándoa a coñecer tanto aos turistas como aos mesmos pontevedreses dunha maneira máis completa que do que se estaba a facer.

A súa teima por divulgar a historia de Pontevedra (e non centrarse só na parte destinada ao turismo), comezou hai dous meses, cando Tuñón decidiu poñerse a traballar nunha ferramenta coa que poder achegar a beleza desta vila por todo o mundo: Internet.

A web Pontevedraparaelmundo.com, que aínda non estará operativa ata mediados do vindeiro mes de agosto, ten como principal obxectivo que os internautas coñezan a cidade do Lérez tal e como é, sen aditivos, e coa esencia propia que a caracteriza. Para iso, o deseñador web botou man de preto de douscentos vídeos e dúas mil fotografías referentes a monumentos, personaxes, festas e actos, que o autor pretende ir ampliando de xeito contínuo coa axuda dos usuarios e visitantes da web.

O portal, que se presenta cunha antiga reprodución da cidade, inclúe ligazóns referentes a Igrexas, Parques e xardíns, Prazas, Rúas, Actos, Entrevistas, Vídeos de Onte e un Álbum, onde o internauta pode atopar cadanseus contidos, achegados con sumo detalle e detenemento.

Asemade, todos e cada un dos monumentos inclúen gravacións que buscan ofrecer os aspectos menos coñecidos dos mesmos e acompañanse da voz en off do autor explicando a historia de cada un deles. Asemade, o sitio complétase con pequenas entrevistas a turistas que recalcan na cidade, e incluso con conversacións mantidas con ex alcaldes de Pontevedra "cos que fala de todo menos de política".

Tuñón, que reconece que esta iniciativa "lle permitiu descubrir múltiples historias da cidade que descoñecía", solicita a colaboración de todos aqueles que poidan aportar fotos antigas ou calquera outro material de interese para a web, que poden envialas á dirección garciatuvela@hotmail.com.

O SERGAS PON EN MARCHA UNHA PÁXINA ESPECÍFICA SOBRE A GRIPE A

Ante as demandas de información concreta sobre a gripe A e a súa incidencia presente e vindeira no noso país, a Consellería de Sanidade vén de habilitar unha páxina web específica sobre o andazo. O sitio, que foi presentado hoxe pola conselleira Pilar Farjas, xorde co obxectivo de achegar información de valor tanto á cidadanía en xeral como aos profesionais da medicina, ás organizacións de apoio á sociedade ou a outros colectivos interesados no alcance e fondura da enfermidade. A web ten de novo a súa localización específica: os contidos, pola súa parte, xa estaban na súa meirande parte dispoñibles na propia web xenérica do SERGAS. O obxectivo da nova páxina, en palabras de Pilar Farjas, é duplo: por unha banda, "manter o compromiso da Consellería de Sanidade coa información permanente vinculada á gripe A", e, pola outra, xerar unha vía de acceso á información para clarear dúbidas a toda a cidadanía. O novo sitio está distribuído en catro apartados.

O primeiro deles inclúe datos para as usuarias e usuarios de a pé (preguntas frecuentes sobre cómo se contaxia, cales son os síntomas e os xeitos de protexerse do virus, etc), o segundo vai dirixido aos profesionais sanitarios (acceso aos informes de Atención Primaria e Especializada), o terceiro para colectivos (consellos para responsables de campamentos, recursos para nais e pais de rapaces en idade escolar, etc) e o cuarto ficará habilitado para dar acubillo aos comunicados oficiais da Consellería de Sanidade e ás subscricións de alta no servizo de alerta por mensaxes de texto no móbil (iniciativa posta en marcha a comezos de xuño co fin de ampliar o alcance da información vinculada ao devandito andazo).

A USC ESTREA UN PORTAL SOBRE MOBILIDADE E COOPERACIÓN

Todos os datos relativos á colaboración e á mobilidade internacional da Universidade de Santiago veñen de ser emprazados nun novo espazo virtual posto en marcha pola Vicerreitoría de Política Internacional. A web, dirixida a todos os membros da comunidade edu-



cativa, opera como un lugar para a comunicación, o diálogo e o intercambio de coñecemento, aberto para a propia USC e, sobre todo, para todas aquelas institucións interesadas en establecer acordos de intercambio coa propia institución educativa galega. Asemade, xorde como un espazo de información para os internautas que desexen atopar recursos sobre iniciativas, programas e convocatorias de mobilidade da USC. Segundo apunta a Universidade, cada un dos programas de mobilidade ou cooperación en vigor dispón dun espazo propio coa información máis salientable actualizada, amais da posibilidade de descarga de todos os documentos precisos para a xestión administrativa.

A sección de información conta tamén cun correo directo que permite unha consulta individual sobre calquera dos aspectos contidos na web. Nesta mesma sección, engade a USC, inclúese un espazo en Facebook que permite a todos os estudantes de intercambio compartir experiencias.

O CELTA DE VIGO PRESENTA UN NOVO SITIO, EN GALEGO E PARTICIPATIVO

O Celta de Vigo vén de dar un paso importante cara á mellora da súa comunicación co mundo a través de Internet: acaba de incluír a nosa lingua na súa nova páxina web (www.celtavigo.net/Portal-GZ/). A aposta polo galego, que xa foi recibida con parabéns dentro da Rede mesma (vémolos nos votos da nova reflectida en Chuzal e, tamén, explicado polo miúdo en Horal.com), inclúese nun feixe de actuacións do Club en cuestión encamiñadas a desenvolver e ampliar até onde sexa posible a presenza en liña do mesmo. Máis polo miúdo, e segundo se explica na páxina, o que se pretendía era "acadar unha web moderna, funcional e ao servizo do celtismo".

A páxina, que sen dúbida vai deber unha boa parte do seu éxito ás demandas dos internautas (que levan xa varios anos animando ao Club na súa galeguización e na mellora da súa comunicación virtual), foi presentada recentemente en todos os seus detalles polo vicepresidente da entidade, Pedro Losada, a directora de Proxección, Marián Mourino e os responsables de M&M (firma responsable do deseño e posta en marcha), Manoel Soto e José González.

A posta en longo celebrouse nas instalacións da Madroa, ao remate dun adestramento, e nela fíxose fincapé no esforzo despregado para que a nova web fose un fiel reflexo dos requirimentos dos seareiros, tanto no que atinxe á dita inclusión do galego como no que se refire á maquetación (máis dinámica e con maior presenza do factor imaxe) e ás posibilidades de interacción. Sobre este último punto, cómpre sinalar que a páxina inclúe ferramentas para que os afeccionados poñan en marcha o seu blog no seo mesmo da web do Celta, poñéndose tamén a disposición dos internautas a opción de participar a fondo nas enquisas e nos foros.

Asemade, inclúense novas actualizadas do Club, galerías de imaxes e televisión (con rexistros das mellores hogadas do equipo e coa previsión, a medio- longo prazo, de ser obxecto de ampliacións para poder ofrecer partidos en vivo por tecnoloxía *streaming*).



NOVA EDIÇÃO Á VISTA DO MÁSTER EN NOVAS TECNOLOXÍAS E DESENVOLVEMENTO DA USC



A nova edición do Máster Internacional en Tecnoloxías da Información e Desenvolvemento Económico (2009-2010) incluíra unha serie de ampliacións con respecto á anterior convocatoria. Segundo informan os responsables do programa formativo (o equipo GIS-T da Universidade de Santiago), entre outras incorporacións cóntanse un Curso de Especialización en Marketing Territorial e Novas Tecnoloxías e máis un Curso de Perfeccionamento en Marketing Territorial. Con esta oferta,

engaden, preténdese que as alumnas e alumnos sexan conscientes da importancia que teñen as novas tecnoloxías na sociedade actual, tanto como ferramentas para o desenvolvemento local como para reactivar a cultura e a economía dunha cidade, concello ou país determinado.

Asemade, o obxectivo é afianzar un clima favorable para a colaboración científica entre tecnólogos, investigadores sociais, artistas de toda índole, sociólogos ou historiadores.

Isto polo que respecta ás vantaxes xenéricas para o espazo xeográfico concreto que dá acubillo a un máster das ditas características, neste caso o galego. No que atinxe ás achegas de tipo profesional, sinalar que a gran finalidade da actividade formativa é cubrir novos postos de traballo na administración pública e comunidades locais con alumnas e alumnos especializados en desenvolvemento social e en novas tecnoloxías.


Velando para que os obxectivos se cumpran sitúase un profesorado con ampla experiencia en labores científicos dentro e fóra dos tres grupos de investigación da Universidade de Santiago (USC) onde desenvolve o seu traballo: Sociedade, Tecnoloxía e Territorio; Novos Medios e Sistemas Intelixentes e máis Análise de Modelización Económica. Estes e outros factores, unidos ao permanente diálogo que estes equipos establecen con outros moitos do eido internacional posibilitan ás persoas que se inscriban no máster a realizar parte das actividades formativas nas máis prestixiosas universidades europeas, como por exemplo a de Porto, a Universidade do Minho ou a University College Cork de Irlanda.

Por certo que o curso en cuestión vai especialmente dirixido a alumnas e alumnos de grao (diplomados, licenciados e enxeñeiros), sobre todo con formación nas áreas de coñecemento das ciencias sociais, económicas e humanidades.

PIRATEAN WINDOWS 7 TRES MESES ANTES DO SEU LANZAMENTO OFICIAL

Tras o anuncio da versión RTM do Windows 7 chega agora unha nova máis preocupante, pois están a circular pola Rede copias do novo sistema operativo de Microsoft filtrada a través de foros chineses (da versión destinada ao fabricante Lenovo, para a súa preinstalación nos seus ordenadores) na que é posible facer unha activación completa do Windows 7 Ultimate (nas súas versións de 32 e 64 bits), non só para equipos do fabricante indicando, senón para calquera outro equipo na que acadaron unha chave mestra que permitirá a moitos usuarios instalar o Windows 7 meses antes do seu lanzamento oficial.

Dende Microsoft recoñecen que o acontecido, pero advirten non só de que a descarga de Windows 7 a través da Internet é piratería, senón de que podería expor a moitos usuarios a riscos coma virus informáticos, troianos ou outros códigos maliciosos que poderían ocultarse nas copias que circulan do S.O. (o que aconteceu en versións filtradas anteriormente).



O PROXECTO GALICIA NA REDE PROCURARÁ ORDENAR A PRESENZA DA XUNTA NA INTERNET



A Secretaría Heral de Modernización e Innovación Tecnolóxica presentou hoxe ao Consello da Xunta o proxecto Galicia na Rede. Este proxecto supón un novo modelo da presenza da Xunta e do conxunto da Administración pública de Galicia na Internet.

Na actualidade, o portal Xunta.es está máis centrado na propia Administración que nos cidadáns, moi condicionada pola estrutura organizativa dos departamentos da Xunta, polo que amosa escasa utilidade real na que apenas ofrece contidos e servizos de interese para a cidadanía. A isto súmase a forte dispersión das iniciativas dentro da Administración pública de Galicia, de explotación da Internet con máis de 200 portais corporativos, funcionais ou temáticos que provocan un escaso aproveitamento horizontal e duplicidade de servizos, e unha multiplicidade tecnolóxica que ocasiona unha barreira para a integración de contidos e servizos no portal corporativo e o seu desenvolvemento avanzado en relación co usuarios.

Ante esta situación o proxecto Galicia na Rede supón a posta en marcha dun novo modelo de presenza da Administración pública galega na Internet co obxecto de recuperar a función estratéxica como canle de comunicación de referencia, como portal de servizos orientados ao cidadán e de acceso a Administración electrónica. E debe ser capaz de proxectar unha imaxe da Administración galega e de Galicia no exterior. Promoverá escenarios de participación evolucionando cara ao concepto da web 2.0 e incrementar contidos orientados a difusión da imaxe de Galicia e non unicamente da súa actividade institucional.

O proxecto non se limita á web institucional Xunta.es senón que comprende todas as webs vinculadas á Administración pública, permitindo compatibilizar un portal corporativo de referencia coas iniciativas na Internet que acometan as distintas consellerías e racionalizar os recursos humanos, tecnolóxicos e económicos dedicados á presenza da Xunta na internet.

A partir de outubro porase en marcha unha enquisa aos cidadáns coa que se busca obter información sobre o perfil do cidadán que se achega á Xunta a través da internet, así como dos servizos que espera recibir a través desta canle desde a Administración pública.

A PÁXINA CIBERDÚVIDAS FORMARÁ EN PORTUGUÉS AOS INTERNAUTAS

A páxina Ciberdúvidas (www.ciberduvidas.com) vai presentar en breve un servizo encamiñado a reforzar o estudo do portugués na Rede, sobre todo entre a rapazada e a mocidade, tanto galega como do resto dos países que queiran achegarse á cultura do noso país irmán. Segundo se conta estes días en Vieiros, a páxina incorporará todo tipo de material dirixido a tirar partido da canle na que se insire, a dixital. Deste xeito, haberá fogos interactivos sobre gramática e escrita a disposición dos internautas que logo serán sometidos a labores de corrección. Asemade, a web incluíra unha biblioteca virtual que fará máis doado este achegamento ao portugués e, máis polo miúdo, á lectura da lingua.



Segundo engade o dito xornal en liña galego, a iniciativa na ten o respaldo do Goberno do Ministerio de Educación de Portugal, polo que se está a materializar no subministro de recursos técnicos e humanos (de feito, na Foron enviados dous profesores para apoiar o equipo de Ciberdúvidas).

FOLLAS DE RUTA NUN CLICK

AS EMPRESAS PODEN COÑECER AS SÚAS NECESIDADES TECNOLÓXICAS A TRAVÉS DA FERRAMENTA DE AUTODIAGNÓSTICO DA WEB DA ASOCIACIÓN INEO



É posible informarnos polo miúdo das nosas eivas e dos nosos puntos fortes sen necesidade de facer un exame polo miúdo que dure varias semanas e que nos deixe os efectivos humanos e técnicos como se sufrisen unha catástrofe? Pois é posible, e coas vantaxes da inmediatez e a accesibilidade que achega a Internet.

Segundo conta estes días a asociación Ineo, a ferramenta de Autodiagnóstico online que podemos ver na súa páxina, www.ineo.org, vai por este camiño. O recurso, desenvolvido a partir da edición en papel da *Guía de solucións TIC*, está instalado (como dixemos) na páxina de Ineo e é a versión electrónica da dita guía que axuda ás empresas, con independencia da súa estrutura e do sector ao que pertencen, a diagnosticar as súas necesidades e a coñecer as razóns, motivos, vantaxes e solucións tecnolóxicas e dixitais que lles permitan ser máis eficaces e competitivas no mercado.



O acceso a este módulo de autodiagnóstico en liña require unicamente do rexistro como usuario na web de Ineo (www.ineo.org). Nel indícanse as diferentes etapas para realizar o autodiagnóstico e coñecer as necesidades que presenta a súa empresa en materia de Novas Tecnoloxías da Información e Comunicacions (TICs) e as solucións que podería adoptar para mellorar en produtividade e competitividade.

Os pasos a seguir son os seguintes:

1. Identificación da miña empresa: quen son?.
2. Consellos e razóns para a implantación das TIC na miña empresa.
3. Diagnóstico para coñecer as miñas necesidades.
4. Solucións TIC que me propón Ineo.
5. Quen me pode axudar: localización do meu asesor tecnolóxico?
6. Que axudas teño para implantar o TIC?

Destá maneira, os empresarios dispoñen da versión electrónica da *Guía de Solucións TIC* que Ineo editou en papel a finais do pasado mes de xuño e que está a ter grande éxito entre as pequenas e medianas empresas e tamén entre as diferentes asociacións empresariais que xa solicitaron a Ineo máis exemplares para a súa distribución (ineo@ineo.org).

Quen está detrás desta ferramenta?

Detrás desta ferramenta en liña atópase, como dixemos, a asociación Ineo, fronte empresarial tecnolóxica galega. Este clúster está aresortado integrado por máis de 80 empresas especializadas no sector dixital e, máis concretamente, nos seguintes eidos: hardware, software, redes e telecomunicacións, Internet e contidos, formación TIC e consultoría TIC. A facturación das compañías ligadas a Ineo supera a día de hoxe os 250 millóns de euros e todas elas dan emprego a preto de 3.300 profesionais.

A empresa Dos Espacios, socia de Ineo, renova a face virtual de Castrosúa

Do tradicional e o innovador, xuntos, sae case sempre a mellor aposta, en boa medida porque non se innova da nada: se siga ou se rompa unha liña, fai falta apoiarse no que xa existe. Dito para que se entenda: a innovación de meirande calando sae vir de quen ten máis historia. E para empresa histórica, a firma galega Castrosúa, que iniciou a súa andaina en 1948 e a día de hoxe sigue a dar sinais de proxección cara ao futuro. Por exemplo: todo o que atinxe a súa nova presenza na Rede (www.castrosua.com), un espazo desenvolvido pola firma Dos Espacios (socia de Ineo e con sede en Vilagarcía) e que inclúe novidades salientables de deseño e estruturación. A páxina, que está disposta en Flash, preséntase a pantalla completa e cunha vontade de establecer conexión visual co internauta dende os comezos mesmos da sesión. De feito, a web ábrese cunha fotografía en 360º da entrada mesma da empresa galega, e é aí mesmo onde se sitúan as seccións do menú, que por outra banda poden modificarse segundo as preferencias do usuario para así coñecer tamén os emprazamentos externos das instalacións. Entre outras cousas, a nova páxina inclúe unha sección de *Novas* (onde a firma habilitará toda a actualidade referida á propia empresa e ao sector do transporte, así como relacións de eventos e presentacións de produtos), outra de *Quen somos* (onde se dá conta da historia da compañía, de xeito cronolóxico e dende as súas orixes) e outra de *Filosofía* (que serve para informar da estratexia da firma a día de hoxe, facendo especial fincapé no que



para Castrosúa constitúe un gran compromiso irrenunciable: a responsabilidade social).

Outra das seccións de meirande relevancia é *Produtos*, que, como o seu propio nome indica, dá acubillo ás presentacións en detalle do novo material que sae da casa en materia de innovación aplicada ao transporte, como por exemplo o bus híbrido Tempus (vehículo ecolóxico e sostible especialmente indicado para os cascos históricos das cidades) ou o *City Versus* (un modelo deseñado para contornos urbanos).

Polo que se refire aos idiomas dispoñibles, o novo emprazamento virtual de Castrosúa dispónse polo de agora en dúas linguas, castelán e inglés (agardamos que en breve se inclúa o galego).

Segundo apunta o equipo responsable da posta en marcha da páxina web (a empresa Dos Espacios, membro da asociación Ineo), esta cumpre cos criterios requiridos de accesibilidade, presentándose tamén coma un exemplo de recurso autoxestionable ao cen por cen pola propia empresa á que representa.

Imatia participa no deseño dun xogo sobre a Compostela do século III

O Ano Santo vénsenos enriba e os espazos virtuais afíanzanse, cada vez máis, como un espazo de celebración tan bo calquera outro. Nesta liña dupla de conmemoración e ao mesmo tempo de innovación dixital é onde se está a situar a empresa Imatia, socia da asociación Ineo, con unha das súas máis recentes achegas tecnolóxicas: un videoxogo para recrear o Camiño e a cidade de Santiago de Compostela do século III. Segundo contaron os responsables deste eido virtual en construción, o lanzamento da primeira Fase do proxecto, que ten un presuposto de 2,5 millóns de euros, desenvolverase (e non por casualidade) co punto máis álxido do Xacobeo 2010, en nullo do vindeiro ano e cos festexos do día 25 no punto de mira. Como dixemos, detrás desta iniciativa está a firma Imatia, pero non actúa soa. Ombro con ombro coa compañía sitúase un consorcio integrado por Ficción Producións, One Click e máis Planet Media. Por certo que o seu traballo (o desenvolvemento do proxecto virtual O Camiño) conta coa



colaboración das universidades de Vigo e de Santiago de Compostela.

O gran obxectivo, máis polo miúdo, é construír un espazo dependente da realidade que coñecemos (o itinerario xacobeo), pero tamén independente, case coma se tivese vida propia. Estamos a falar dun metauniverso en tres dimensións (3D) que presentará un escenario de excepción, Santiago e máis o Camiño (iguais que na realidade á vez que diferentes e con personalidade propia) en 1117, ano no que se datan as revoltas dos veciños da devandita cidade contra o bispo Helmírez e a raíña Urraca.

Deste xeito, os usuarios do videoxogo terán o privilexio de seren testemuñas directas (a través dos ollos de cidadáns de a pé ou ben soldados) de senlleiros acontecementos históricos, como a construción da Catedral ou a subida ao poder do pazo de Helmírez en plena zona monumental compostelá.

AS EMPRESAS GALEGAS RENOVAN A SÚA e-FACE

OFRECEMOS UN PARTE INFORMATIVO DO QUE DEU DE SI NESTE COMEZO DO VERÁN O PROCESO MÁIS OU MENOS XENERALIZADO DE REHABILITACIÓN DAS SEDES CORPORATIVAS EN INTERNET

Nas últimas semanas, non sabemos se polo bo humor que nos caracteriza a todos cando vai calor ou pola inminente chegada das vacacións do verán para a maioría dos/as traballadores/as (sobre todo para quen teña máis sorte), moitas empresas galegas e entidades en xeral, tanto públicas como privadas, puxeron as pilas para deixar feitos os deberes antes de marchar e renovar as súas páxinas web, facéndoas máis atractivas e funcionais ou estreado novas aplicacións que lles faciliten as xestións a aqueles internautas que, aínda no verán, deban seguir conectados á Rede para desenvolver o seu quefacer diario.

As empresas e comercios de Celanova, unidas no virtual

É o caso do Concello de Celanova, que na súa teima por facer posible que todas as empresas e establecementos da comarca conten coa súa propia páxina web e se dean a coñecer por Internet (algo impensable ata hai só uns anos en calquera recanto da nosa terra), vén de presentar a plataforma www.compraencelanova.com, un proxecto cofinanciado entre a Consellaría de Traballo e Benestar e o propio Concello, que reúne nunha única web aos empresarios e comerciantes do lugar que participan na iniciativa.

Cada sitio, segundo afirman os seus responsables, “*é dinámico e administrable de xeito individual*”, polo que nel, os propios empresarios poden publicar todo tipo de información de interese relacionada coa

vo desta plataforma, afirman, “*radica na oferta de conxunto, pois ao acadar que practicamente toda a rede comercial de Celanova se presente baixo un único rexistro, fai que o efecto divulgador se vexa multiplicado dun xeito exponencial*”.

A ferramenta contén, ademais da listaxe de empresas adheridas ao proxecto ordenadas de xeito alfabético por actividade con cadansúa ligazón, unha sección de novas, información do Mercado de Celanova, vídeos relacionados coa actividade comercial e ata un calendario coas datas do mercado, que pese a que está en construción, os responsables aseguran que “*estará dispoñible en breve*”.

Na actualidade, a aplicación conta con 185 negocios adheridos, os cales teñen a súa propia web particular, á que se pode acceder directamente a golpe de rato.

onde se atopan as listaxes dos apoios recibidos pola asociación para reforzar a súa iniciativa.

O primeiro dos bloques, o das novas, recolle toda a información de actualidade relacionada co traballo da entidade e cos esforzos que os seus representantes fan cada día para conseguir o dominio .gal. Esta sección estrutúrase, ao mesmo tempo, en diversas partes, entre as que destaca a de Subscrición, que ofrece a posibilidade de recibir regularmente un boletín coa actualizacións que se teñan producido na web, vía correo electrónico.

No tocante ao bloque de Información, aquí é onde se agrupan os contidos que a Asociación Puntogal considera que “*debe difundir para dar a coñecer os seus obxectivos*” así como todo o relativo ao proceso de consecución de novos dominios na Rede.

A diferenza da anterior, esta nova páxina achega datos das entidades que se teñen sumado ata o momento, cunha mellor visualización das mesmas, ao tempo que permite localizar dun xeito máis doado ás persoas que asinaron polo dominio propio .gal.

Asemade, o portal conta cun apartado no que salienta as vantaxes que a consecución do Puntogal supón tanto para as empresas, asociacións, administracións e institucións do noso país, como para cada internauta a nivel individual.

A web está dispoñible en galego, español e inglés, mais esta última versión está a ser actualizada para poder funcionar ao cen por cen no menor prazo de tempo posible e chegar así a un número maior de usuarios.

O IGAPE, a prol da internacionalización

Pola súa banda, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), sabedor da “*escasa internacionalización das empresas galegas*”, advertido por un informe de Caixanova, non quixo retrasar máis o seu movemento de ficha e vén de lanzar un novo portal web (www.exportgalicia.com), que ten como principal finalidade apoiar o proceso de internacionalización das empresas galegas, das asociacións de empresarios galegos e das asociacións de empresarias galegas no exterior.

O obxectivo desta ferramenta é, en resumidas contas, poñer ao alcance de todas as persoas rexistradas, de maneira gratuíta, a información máis actual sobre a operativa e práctica do comercio exterior, os servizos personalizados e os datos de interese nos eidos da internacionalización en xeral e, sobre todo, da importación e da exportación.



súa actividade, dende os datos de localización ata os servizos ofrecidos, pasando por formularios de contacto ou novas relacionadas coa empresa.

Trátase dunha iniciativa global levada a cabo dende o devandito concello ourensán que permite que cada negocio ou empresa xestione a súa páxina coma se fose unha web independente, ao tempo que se benefician das vantaxes de aparecer nunha listaxe conxunta onde o cliente pode dar con ela facilmente.

Esta iniciativa, segundo veñen de anunciar os responsables da mesma, “*é pioneira a nivel municipal xa que pretende integrar todos os negocios que desenvolven a súa actividade dentro da área xeográfica de Celanova*”.

Tanto se os empresarios contan xa con páxina web propia como se non dispoñen dela, o verdadeiro atracti-

A Asociación Puntogal renóvase en liña

Outra das entidades que decidiu renovar a súa faciana na Rede e facela máis vistosa de cara aos seus usuarios foi a Asociación Puntogal, que, coincidindo coa data do terceiro aniversario da súa constitución, vén de renovar a súa web, www.puntogal.org, facéndoa, entre outras cousas, máis funcional e atractiva.

O novo portal da entidade, que dende a súa creación non deixou de pelexar por conseguir un dominio propio para a cultura e lingua galegas, conta agora cun innovador deseño e é moito máis navegable do que xa era dende un primeiro intre. Asemade, agora distribúe a información en tres grandes bloques: un para Novas, outro para Información e outro que se fai chamar Apóianos,

As persoas usuarias de Exportgalicia.com poden atopar nesta aplicación cinco grandes seccións con ampla información relativa a perfís de países obxectivo, información sectorial, busca de posibles socios comerciais e alfándegas e trámites relacionados co comercio internacional.

Deste xeito, os empresarios e organismos intermedios que visiten a web poderán obter, entre outras cousas, información sobre aqueles países do seu interese, estudos de mercado, oportunidades de negocio, fluxos de importación-exportación ou documentos necesarios para iniciarse na exportación, así como realizar cálculos aproximados sobre os custos de exportación dos seus produtos atendendo ás regras e usos internacionais (INCO-TERMS) que regulan a circulación de mercadorías, e ao medio de transporte seleccionado.

Este portal inclúe, asemade, información actualizada sobre accións abertas a facilitar a presenza do empresariado galego en feiras e eventos nacionais e internacionais organizados directamente polo IGAPE ou por organismos de promoción exterior cos que o Instituto colabora activamente -como por exemplo o ICEX-, coa intención de achegar sempre os servizos e os apoios máis efectivos.

Por outra banda, este novo portal expón de xeito detallado, estruturado e accesible a información máis completa sobre todos os servizos, instrumentos e axudas que o IGAPE pon a disposición do empresariado galego nos procesos de internacionalización; desde os apoios en destino (como os facilitados mediante os centros de promoción de negocios (CPN) do instituto no exterior ou a través dos axentes comerciais mediadores), ata axudas a iniciativas de internacionalización, pasando por información e formación especializada para todo o proceso, ou servizos especializados como os de interpretación telefónica simultánea.

A Tecnópole aposta forte polos servizos 2.0

En Ourense, o Parque Tecnolóxico de Galicia, ou Tecnópole, que dende comezos dos anos noventa se dedica incansablemente a apoiar e potenciar as iniciativas tecnolóxicas levadas a cabo nas empresas galegas que máis precisan da súa axuda, vén de facerlle unha reforma á súa web (www.tecnopole.es) para adaptala ás novas esixencias da Rede, integrando servizos 2.0 e facéndoa máis atractiva e funcional.



Este espazo de difusión, que dende hai uns anos funciona como punto virtual de encontro para todos os socios e socias do Parque, vén de converterse agora nunha "web colaborativa", que integra, entre outros servizos, ligazóns á plataforma Flickr, ao seu microblogging Twitter e tamén a Delicious, unha rede social que permite agregar, etiquetar e compartir páxinas con outros usuarios na que a Tecnópole ten o seu propio espazo.

O Parque Tecnolóxico de Galicia, que dende hai ano e medio ten habilitado un localizador en Google Maps e a súa propia entrada na Wikipedia (en galego, castelán e inglés), permite agora a subscripción á súa newsletter mediante o protocolo RSS para que sexa accesible, ademais



de mediante correo electrónico, a través dos lectores de feeds, como Google Reader.

Asemade, mediante o devandito sistema, a Tecnópole ofrécelle aos seus usuarios a posibilidade de manterse informados a través de fontes de información xeral, de Galicia e de temas relacionados coa I+D+i, que se actualizan de xeito automático.

Esta aposta da Tecnópole polas ferramentas da Internet colaborativa responde, segundo afirman os seus responsables, ao seu interese, en calidade de entidade prestadora de servizos avanzados ás empresas e centros tecnolóxicos de toda Galicia, "de estar ao día e aproveitar as vantaxes das ferramentas de comunicación máis innovadoras".

Por este motivo, recentemente comezou tamén a promover accións de capacitación en habilidades 2.0 abertas aos seus clientes e partners e levou a cabo un proxecto de implantación de ferramentas de escritorio que converteu o entorno de traballo dos seus servizos centrais nun entorno de rede participativa e social.



A renovación da web de Tecnópole supón tamén a actualización de toda a información relativa aos proxectos nos que está implicada e os servizos que presta, ademais da canle de novas na que se publican puntualmente todas as novidades relacionadas co Parque Tecnolóxico e con todas as empresas e centros que aloxa.

Por outra banda, a nova web pon a disposición dos seus usuarios a versión dixital da publicación Tecnópole 2009 (en versión navegable ou descargable en PDF), con toda a información económica da entidade e das empresas e centros do Parque Tecnolóxico.

Os internautas poderán, asemade, facer unha viaxe virtual pola Tecnópole empregando o mapa Tecnópole 3D, que permite visualizar os lindes do que será a próxima ampliación da superficie do Parque.

No marco da súa política de Responsabilidade Social Corporativa, Tecnópole tomou a iniciativa de suprimir a versión en papel do Manual de benvida, polo que a nova web dispón agora dunha área privada na que as empresas que se incorporen ao Parque poderán acceder a unha versión navegable.

Ademais, o Parque Tecnolóxico de Galicia, que mantén unha relación moi estreita cos centros escolares galegos a través de iniciativas coma a feira científica Galiciencia e o seu ciclo de visitas para colexios, habilitou tamén unha sección especial para escolares. Co título Es novo nisto?, na web ofrécense información sobre Tecnópole cunha linguaxe sinxela e especialmente pensada para os máis novos.

A CiberIrmandade da Fala tamén estrea nova web

A CiberIrmandade da Fala, ao igual que os demais protagonistas destas páxinas, vén de estrear, en fase de probas, a súa nova web oficial (www.ciberirmandade.org/sitio2009/), máis funcional e atractiva, na que salientan os foros, as novas e os anuncios de balde que a organización pon a disposición de tódolos usuarios e usuarias para o que desexen publicar.

As novas ligazóns e apartados cos que conta esta ferramenta son, entre outros:

- "Foros integrados na web": Rexistro e identificación únicos e compartidos



entre web e foros, coa intención de facilitar a presenza activa dos usuarios e usuarias nas dúas ferramentas.

- "Publicación de novas": a nova web da CiberIrmandade permite que tódolos internautas publiquen as súas propias novas e contidos. Os antigos usuarios e usuarias, tanto da web como dos foros, non teñen que volver a rexistrarse para entrar na ferramenta e dar a coñecer calquera asunto relacionado coa nosa lingua, cultura, sociedade... asemade, os internautas que desexen participar coas súas opinións e artigos, non teñen máis que rexistrarse e publicar o que consideran a ben.

- "Eventos": o novo deseño desta web conta agora cun apartado especial para situar as convocatorias ou datas de eventos importantes para a cultura galega. Calquera usuario sabedor da existencia dalgún acto relativamente importante para a sociedade galega, só ten que entrar na web e introduci-lo neste apartado.

- "Anuncios de balde": aínda en fase experimental, esta sección ofrece un espazo para que os usuarios da web, sexan particulares, asociacións ou

empresas, poidan anunciar o que consideren, sen ningún custe adicional ou molestia, mais si coa obrigatoriedade de facelo en galego.

A nova ferramenta virtual da CiberIrmandade da Fala tamén vén de sufrir un cambio no relativo ás novas da portada, que non serán todas as publicadas, senón as máis vistas de entre todas as enviadas.

Porén, este proxecto aínda está en fase de probas, polo que os usuarios e usuarias que o desexen poden opinar sobre o novo deseño e enviar suxestións que serán tidas en conta polos responsables da aplicación para melloralas en todo o que estea da súa man.

Futbolcoruña.com inicia a súa andaina en probas

Tras un ano de traballo intenso, e adiantándose ao seu lanzamento oficial a finais de agosto, xa opera en probas a web www.futbolcoruña.com, unha ferramenta que, para antes de que comencen as competicións oficiais en setembro, xa porá a disposición dos seareiros hercúlicos un adianto do que vai ser o espazo a pleno rendemento.

A web, que conta co apoio dos Veteranos do R.C. Deportivo de A Coruña, da Escola Marcelo Macías, Photocopy e a Fundación Fedys, e que no seu comezo xa conta co patrocinio importante como é o de Umbro, nace coa intención de ser a páxina de referencia do fútbol base na provincia en todas as súas modalidades (fútbol-7, fútbol-11, fútbol sala, fútbol indor, fútbol praia, fútbol feminino, fútbol para discapacitados e incluso as ligas de afeccionados, senior e veteranos).

Esta plataforma informativa desenvolveuse co apoio da empresa compostelá Inxenio Internet Consulting, S.L.



REDE SOBRE BRANCO CON FRANXA AZUL

INFORMAMOS DE EXEMPLOS RECENTES DUNHA HISTORIA DE MEDRA QUE NON REMATA HOXE: O DA NOSA CULTURA NA SOCIEDADE DO COÑECEMENTO

A cultura galega segue a facer da Rede un espello a medida que nos imos metendo nela (e se as administracións e as empresas nos deixan). A cousa está ben clara: precisamos da Internet do mesmo xeito que a plataforma dixital precisa de nós. Deste xeito, chégase a niveis de preservación da nosa identidade cos que hai tempo nin sequera soñáramos, e todo grazas ao que poderíamos considerar un aliado teórico da globalización: a Rede. O camiño xa foi andado un treito, e aínda que queda por facer, hai tempo que se pode tirar unha conclusión: a Internet está collendo feitura de mapa do espallamento galego. Damos conta duns exemplos recentes.

En liña e accesible o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade

O Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade xa está na Rede. Santiago, e máis polo miúdo o Museo do Polo Galego da cidade, acolleu recentemente a posta en longo de toda a información dispoñible sobre o recurso, que entre outras cousas supón un exemplo de alianza de contrarios: o noso pasado, particular en todos os seus detalles, e a canle dixital, espazo nun principio ao servizo do xenérico. O traballo de envorque do dito Arquivo á Rede (www.apoi-mpg.org), onde de maneira paradoxal a Galiza que vai esmorecendo ten firmes apoios para a divulgación, tivo o seu xermolo en Sons e Voces da Identidade, proxecto que como o seu propio nome indica documenta e preserva a través da vía das novas tecnoloxías, o noso patrimonio inmaterial, concretamente o do Instituto de Estudos das Identidades do propio museo.

Entre o abondoso material sonoro a tratar atopábanse, por exemplo, as máis de 500 fitas magnéticas rexistradas polo equipo dirixido por Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias, unha boa parte das cales proceden de conversas con informantes do rural levadas a cabo ao longo de varias décadas.

Segundo se sinala na propia web do Arquivo (que permite facer buscas dos documentos sonoros de xeito doado e completo, incluíndo datos como o autor, temática, data ou recompilador), tras do traballo que fica agora á disposición da sociedade galega en liña hai un máis que laborioso proceso de busca, tratamento dos rexistros, transcripción e posta en marcha dunha gran base de datos.

Por certo que o material dixitalizado e envorcado na Internet é



Captura do Diccionario Electrónico Estraviz en liña

público, accesible e participativo (aberto a achegas da comunidade internauta e informando polo miúdo delas e da súa procedencia).

Blukk: moreas de libros en galego-portugués ao alcance da man

Con isto da Rede e, sobre todo, con isto de estarmos máis na Rede, xa non hai quen poña barreiras entre os lectores e os obxectos polos que devenen. Todo semella que vai camiño de reducir ao máximo a distancia entre os nosos ollos e aquela novela ou ensaio que hai anos que xa non vemos nos andeis das librarías ou que emprestamos (e xa se sabe como son estas cousas: logo non hai quen o recupere) e desexaríamos volver ler. Neste senso, de entre todas as iniciativas xurdidas recentemente entre os fios invisibles da nosa Rede, a páxina Blukk (www.blukk.com) é unha das que máis potencial atesoura para quitarlles dos

miolos ás lectoras e lectores a idea de que están sós na súa teima de comer libros e de que practicamente todo o que teñen ao seu alcance está escrito en castelán. Inicialmente dirixida ao público galego, a web Blukk, como os seus responsables contan na propia páxina, é un portal que permite acceder do xeito máis rápido e simple a millóns de libros electrónicos e obras en galego-portugués dispoñibles "nas principais livrarias virtuais da Internet e bibliotecas".

A idea, amais de axudarnos a cortar todos os vínculos que queiramos con esa lingua que algúns, malia a súa sobrepresenza, din que está en perigo de morte, o castelán, é acadar que o acto de botarlle a man a unha obra galego-portuguesa sexa o máis doado posible (e sen que nos sexa preciso empregar tempo e esforzos en atopala). O portal ten accesos directos ao Catálogo Wook (www.wook.pt, a meirande librería portuguesa con máis de dous millóns de títulos e con posibilidade de envíos a toda Europa) ou ao Catálogo Fnac Portugal (www.fnac.pt/pt) establecemento virtual con ducias de milleiros de títulos en portugués e outras linguas).

A páxina, que aínda está a comezar a súa andaina e fica coa antena de recepción de suxestións perfectamente operativa (a través da conta info@blukk.com), incorpora seccións de livrarias virtuais, libros electrónicos (e-books) e acceso directo ao catálogo das bibliotecas das Universidades de Coruña, Vigo e Santiago, a Rede de Bibliotecas de

Galicia, o Porbase Portugal-Catálogo Nacional de Bibliotecas em Rede, a Biblioteca Nacional Portuguesa, The European Library ou Europea (Biblioteca Dixital Europea).

O diccionario en liña e-Estraviz incorpora máis de 30.000 novas entradas

O diccionario galego en liña e-Estraviz (www.estraviz.org) vén de ser obxecto dunha serie de melloras encamiñadas tanto a reforzar a forma (cunha interface gráfica máis acorde cos novos tempos, de meirande pegada visual) coma o contido (medres importantes na base de datos). Segundo informan os propios responsables da ferramenta (un equipo de arredor de 15 persoas), os traballos de actualización xa recibiron o visto bo do profesor Isaac Alonso Estraviz, director dunha iniciativa que, malia os cambios, segue

a respectar o coñecido modelo de recurso lexicográfico aberto para todos as/os usuarios/os (é de libre acceso) e para todas as preferencias normativas.

O novo e-Estraviz constitúe polo tanto unha reordenación dos servizos principais que pon a disposición da comunidade en liña: definicións, fraseología, sinónimos, antónimos, variantes, nomes científicos e máis etimología.

No que respecta ao fondo mesmo da ferramenta, o miolo, cómpre salientar un medre no seu banco de datos, con arredor de 30.000 novas entradas, o que dá como resultado un total de 121.505, cifra que lonxe de estabilizarse, promete seguir incrementándose en parte grazas ao traballo lexicográfico dirixido polo mestre Estraviz e en parte grazas á porta que o diccionario deixa aberta as 24 horas do día para a participación allea.

Amais do devandito, tamén é preciso destacar as novas ferramentas postas a disposición dos internautas, como por exemplo os botóns de navegadores, o plug-in OpenSearch ou a caixa de pesquisa dinámica compatible con case calquera web.

O labor de remodelación chegou tamén ao motor do propio servizo, incorporándose un meirande alcance lexicográfico das procuras con todo tipo de achegas complementarias: suxestións automáticas, recoñecemento de plurais e femininos e posibilidade de facer buscas con ortografía ILG-RAG, alén do padrón portugués e mesmo xa de algunha das novidades do Acordo Ortográfico.



Captura da web galega Arquivo Sonoro

O SECTOR, MÁIS UNIDO CA NUNCA

A DIVISIÓN GALEGA DE ASIMELEC TRABALLARÁ PARA PROMOVER A INNOVACIÓN GALEGA ALÍ ONDE SEXA PRECISO

Ligazóns

www.asimelec.es
www.blusens.es
www.agestic.org
www.ageinte.com



Unha entidade para mellorar a imaxe de Galicia e lembrarlle ao mundo que aquí tamén se fai innovación. Deste xeito resumiu o presidente de Blusens (José Ramón García) os obxectivos do Consello Territorial galego da patronal ASIMELEC (Asociación Multisectorial de Empresas de Tecnoloxías da Información, Comunicacions e Electrónica), que se constituíu formalmente o pasado 28 de xullo na sede da Confederación de Empresarios de Galicia, en Santiago.

A división galega da plataforma estatal, que contará con José Ramón García en labores de presidente, desenvolverá polo tanto un labor de cooperación, fronte común no sector, promoción tecnolóxica e, sobre todo, publicidade do noso. Para o CEO da firma galega Blusens, a situación está ben clara: non chega con facer innovación, hai que contarlle a todo o mundo e contribuir a que os demais nos desvinculen dunha imaxe de simples consumidores, xa que tamén somos produtores, e cada día con paso máis firme.

Ao seu xuízo, o Consello Territorial galego de ASIMELEC constitúe unha moi boa oportunidade para reforzar as nosas canles de promoción e venda. Semellante punto de vista compartiu a secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira, presente tamén no acto celebrado en Compostela, quen avogou polo diálogo e o traballo ombro con ombro, co obxectivo de constituír un equipo público-empresarial en permanente conexión que saiba orientar da maneira máis axeitada as políticas tecnolóxicas.

No transcurso da presentación oficial da delegación galega de ASIMELEC, Mar Pereira amosoulle o seu apoio á plataforma, tanto en labores de pulo como de dinamización. Ao seu xuízo, *“unha cooperación ben estruturada é un dos instrumentos fundamentais para mellorar a competitividade nas empresas e pór en marcha novos proxectos”*.

Por certo que na constitución do Consello Territorial tamén participou arreo a Asociación Galega de Empresas TIC, AGESTIC, representada no encontro polo seu máximo responsable, José María López Bourio, quen apostou por fomentar na nosa terra un clima especialmente apropiado para o medre das empresas vinculadas ao coñecemento e ao dixital. Ao seu xuízo, non se repara como se debe na importancia dos recursos que as compañías que representa poñen en xogo, recursos que melloran coma poucos as posibilidades competitivas e de crecemento dos restantes sectores produtivos. *“Temos moito que dicirlle e que achegarlle ao resto das empresas, e partindo xa dende as máis vinculadas ás actividades primarias, como por exemplo a gandería ou a pesca”*.

Durante a súa intervención, Bourio apelou aos recursos humanos e técnicos do novo equipo da Xunta para favorecer na medida do posible este diálogo intersectorial e esta protección a un ben especialmente prezado, o noso eido TIC: *“Non queremos unha política de solucións puntuais que non sexan coherentes coa realidade do sector e das pequenas empresas e as microempresas, que son as que están a sufrir de verdade esta exclusión do dixital”*. No seu punto de vista, tamén hai moito que facer no eido da accesibilidade, co obxectivo de garantir na nosa terra o acceso pleno de todas as persoas ás vantaxes da Sociedade da Información, vantaxes que para determinados colectivos, como por exemplo os dos cidadáns con diver-

sidade funcional ou os da terceira idade, son de importancia máis que salientable para contribuír a mellorar a súa calidade de vida.

Asemade, a constitución do Consello tamén contou co respaldo da propia patronal ASIMELEC (estivo presente no acto Martín Pérez, presidente da plataforma) e a Asociación Galega de Empresarios Instaladores de Telecomunicacións, AGEINTE, entidade presidida por Susana Vila e na actualidade integrada por máis de 400 empresas asociadas que dan emprego a arredor de 8.000 traballadores.

Interlocutor da administración

ASIMELEC é unha patronal do sector das TIC nada en 1984. Hoxe en día agrupa tanto a fabricantes como a comercializadores, distribuidores e a instaladores de telecomunicacións. É a única asociación do macrosector TIC que agrupa a todos os sectores. Grazas a esta filosofía de multisectorialidade defende os intereses da totalidade do sector electrónico.

A asociación instalou hoxe en Santiago o seu quinto Consello Territorial, tralos de Cataluña, Asturias, Comunidade Valenciana e Andalucía, co obxectivo de fomentar o desenvolvemento de empresas de electrónica e comunicacións no noso país.

Como dixemos, ASIMELEC integrará na nosa terra a asociacións previamente existentes como AGESTIC (Asociación Galega de Tecnoloxías de Información e Comunicación), fundada en 2003, ou a AGEINTE, a rama galega de FENITEL (Federación Nacional de Instaladores de Telecomunicacións).

Deste xeito, ASIMELEC constitúese desde hoxe, como rezan os seus estatutos, en interlocutor válido ante as instancias administrativas locais e autonómicas especialmente, polo tanto, da Secretaría Xeral de Modernización.



"TEMOS UN SECTOR TIC DINÁMICO E CON GRANDE CAPACIDADE DE MEDRA"

FALAMOS DO QUE NOS AGARDA EN MATERIA DE PULO TECNOLÓXICO CON MAR PEREIRA, SECRETARIA XERAL DE MODERNIZACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA



A folla de ruta da Secretaría Xeral de Modernización está xa debuxada. Así nolo conta a máxima responsable deste departamento, Mar Pereira, encargada xunto co resto do seu equipo de marcar unha boa parte do rumbo do país en materia de pulo ás redes, traballo que se está a materializar en medidas urxentes como a dixitalización de todos os servizos públicos ligados á nosa Administración.

No que atinxe ao apoio que se dará ao software libre, Pereira avoga por seguir impulsándoo, sobre todo na vertente máis competitiva e de utilidade produtiva para os distintos sectores. Ao seu xuízo, hai que buscar situacións de equilibrio, posto que (sinala) cómpre ter en conta que hai unha porcentaxe importante de firmas galegas que traballan con software pechado.

As iniciativas de alfabetización dixital e concienciación recibirán dende a Xunta un pulo de primeira orde de Galicia que impulse a modernización da administración pública, senón que porá en marcha actuacións efectivas que permitan acadar de xeito definitivo a inclusión da sociedade galega no novo contexto dixital. Nestes primeiros días, e partindo dun diagnóstico previo realizado en colaboración con todas as Consellerías da Xunta de Galicia, elaboramos un Plan de medidas urxentes que define as liñas de actuación máis inmediatas, e nas cales xa se está a traballar. Asemade, iniciouse o procedemento para a posta en marcha do Plan Tecnolóxico Global da Xunta de Galicia, que debe estar rematado o

**-Coma quen di, aínda está vos-
tede acabada de chegar, pero se**

cadra xa nos pode ir adiantando as principais liñas de actividade a seguir pola Secretaría en materia de promoción na Rede a todos os niveis...

-É ben certo que aínda estamos a dar os primeiros pasos, pero a folla de ruta está xa debuxada. Esta Secretaría Xeral nace coa misión non só de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da administración pública, senón que porá en marcha actuacións efectivas que permitan acadar de xeito definitivo a inclusión da sociedade galega no novo contexto dixital.

Nestes primeiros días, e partindo dun diagnóstico previo realizado en colaboración con todas as Consellerías da Xunta de Galicia, elaboramos un Plan de medidas urxentes que define as liñas de actuación máis inmediatas, e nas cales xa se está a traballar. Asemade, iniciouse o procedemento para a posta en marcha do Plan Tecnolóxico Global da Xunta de Galicia, que debe estar rematado o

vindeiro ano.

Unha das primeiras liñas que se identificaron como de acción inmediata é a definición da estratexia de comunicación, información e servizos públicos a través da Rede. Hoxe en día, non podemos pensar nunha administración máis efectiva e accesible se non é a través deste instrumento clave para desenvolver un novo modelo de relación cos cidadáns, as empresas e os profesionais.

-Cal vai ser a súa aposta respecto ao tipo de software que lle conviría máis á sociedade galega: software libre ou software privado?

-A Administración galega ten que pór ao servizo da sociedade mecanismos tecnolóxicos que acheguen solucións. É dicir, que lles fagan aos cidadáns a vida máis doada e que permitan ás empresas ser máis competitivas; e todo isto facendo o mellor emprego dos recursos públicos.

Por suposto, apoiaranse iniciativas no desenvolvemento do software libre como unha das ferramentas que facilitan o crecemento industrial e innovador do sector tecnolóxico galego.

Neste senso, impulsaranse sobre todo aquelas actuacións que favorezan a creación de software de fontes abertas competitivo no mercado, de xeito que sexa unha opción cada vez máis sólida para dar servizo aos diferentes sectores produtivos. Todo isto sen esquecer que temos un sector de TIC galego que desenvolve solucións e presta servizos tanto con software libre como con software licenciado.

Na contratación de desenvolvementos software nos que a propiedade corresponda á Xunta de Galicia, esta establecerá, naqueles ámbitos que sexan de interese, os mecanismos que permitan pór este software a disposición de tódalas consellerías, comunidades autónomas, administración xeral do

A intención do departamento é centralizar os esforzos de promoción da Rede no rural



Estado, así como de calquera organismo público que amose interese nestes desenvolvementos, na liña de aproveitamento e reutilización de software desenvolto con fondos públicos.

-É competencia súa a Rede de Dinamización da Sociedade da Información que impulsou a Consellería de Innovación do anterior mandato? Que vai pasar con este tecido de promoción da Internet no rural? Suprimirase? Reorientarase? Potenciarase? Unirase á Rede de Telecentros que se puxo en marcha na anterior lexislatura?

-As iniciativas vinculadas a facilitar a inclusión da cidadanía na Sociedade da Información terán unha especial relevancia, tendo en conta as diferentes necesidades dos colectivos sociais e chegando a todos os recunchos do noso territorio. Polo tanto, as iniciativas de alfabetización dixital e concienciación recibirán un pulo especial. Pero, por suposto, é tamén un obxectivo claro deste Goberno levar a cabo a integración e coordinación de actuacións que durante a anterior lexislatura se desenvolveron de xeito illado por parte dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia. É o caso das dúas iniciativas mencionadas: a Rede de Dinamización por unha banda, e a Rede de Telecentros por outra. Sen dúbida, a coordinación e integración destas actividades dende un único órgano de goberno non só garantirá a axeitada coordinación de todos os departamentos implicados, senón un uso máis eficaz dos recursos públicos.

-Como é, dende o punto de vista de uso e extensión das novas ferramentas do coñecemento, o país que vostede atopa? Cales son as súas eivas e cales son os seus puntos fortes? Hai unha fenda insalvable respecto da media española e xa non digamos da europea en materia de penetración do acceso ao dixital?

-Son consciente de que temos por dian-

te un importante reto no fomento do uso das TIC nos diferentes sectores produtivos e sociais; non só como instrumento clave de competitividade, senón como elemento esencial para estimular a demanda e dinamizar o sector tecnolóxico. Ademais, é preciso facer un esforzo definitivo na extensión da banda ampla no rural, ordenando as diferentes actuacións que se están a levar a cabo e facendo un seguimento exhaustivo do cumprimento dos obxectivos. O Plan Director de Telecomunicacións de Galicia, é unha das nosas prioridades.

Pero, por suposto que non podemos esquecer que Galicia conta con importantes factores de oportunidade que debemos aproveitar. Un sector TIC, dinámico e con capacidades de medre importantes; situado en situación de vangarda na aplicación das novas tecnoloxías en ámbitos como a sanidade dixital ou as telecomunicacións.

Tamén contamos con tres universidades que amais de formar a excelentes profesionais nas diferentes disciplinas que require o sector, son un elemento esencial de innovación tecnolóxica; Son estes algúns dos factores que deben impulsar unha estratexia global encamiñada a situar a Galicia no núcleo avanzado da Sociedade da Información.

-Como saberá, unha boa parte da nosa xeografía está a ficar despoboad, ben sexa por mor de falta de oportunidades económicas ou empresariais, ben pola ausencia de infraestruturas ou centros de actividades social. Cre vostede que un acceso estendido á Rede pode frear dalgún xeito o proceso?

-Como comentaba anteriormente, un dos obxectivos do departamento que dirixo é achegar a banda ampla a tódolos cidadáns, facendo especial fincapé naquelas zonas rurais que actualmente se atopan illadas. Entendemos que hoxe en día é un requisito imprescindible poder dispoñer destes accesos que son os que

nos permitirán estar conectados co mundo. Para poder tirar proveito das oportunidades económicas ou empresarias, é necesario ter as ferramentas tecnolóxicas que nos permitan acadar dito obxectivo.

-Dise nos foros tecnolóxicos que a Sociedade da Información xera modelos de actividade social e empresarial contrarios á crise. Ou sexa: que todo o que se basee no coñecemento ou na innovación ten potencial para reactivar a economía. Comparte vostede esta opinión?. Cal sería, dende as competencias que ten asignadas, o seu remedio anticrise particular para Galicia?

-En calquera sociedade moderna as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TICs) son un elemento estratéxico, un instrumento dinamizador da economía e do tecido empresarial, é evidente que esta achega das TIC resulta

fundamental en época de crise, cando ser innovador é unha necesidade.

Asemade, tamén no contexto actual, as administracións públicas teñen non só a obriga de adaptarse a un novo xeito de emprestar servizos ó cidadán, senón de responder, nun contexto de austeridade, ás demandas dunha sociedade cada vez máis esixente.

Neste escenario óllase, sen dúbida, cara á tecnoloxía. As TIC forman parte dun novo modelo de crecemento económico, no que a través da innovación non só se impulsa a eficacia das organizacións públicas, senón que tamén se fomenta á competitividade dos diferentes sectores e se favorece a creación de novas empresas tecnolóxicas e de emprego cualificado, elementos todos eles esenciais para reter o talento e o coñecemento: o capital máis importante de calquera sociedade.



A Xunta impulsará o software libre potenciando a súa implantación en empresas e universidades

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, sabedora de que as aplicacións en código aberto *"teñen un interesante potencial para crear modelos de negocio e dinamizar o sector TIC local de xeito eficaz e económico"*, vén de facer pública a súa intención de impulsar a implantación do software libre en toda a nosa comunidade, e en especial, en áreas como as pequenas e medianas empresas, as Universidades e os centros de investigación, para, dese xeito, potenciar a súa aplicación aos sectores produtivos e estratéxicos de Galicia.

Pereira, que recentemente presidiu unha xuntanza con representantes das Universidades galegas, o CESGA e os axentes que colaboran coa Administración para establecer novas liñas de actuación a prol do desenvolvemento do software libre en Galicia, avogou por manter un contacto directo e continuo con todos os axentes implicados (empresariado, institución, comunidades de desenvolvemento de software libre...) e calificou esta colaboración como *"clave, para orientar axeitadamente as políticas tecnolóxicas e facer ao software libre partícipe das mesmas"*.

A secretaria indicoulle aos asistentes que, *"o que demanda a sociedade, o empresariado e o empregado público son solucións que lle fagan a vida e o traballo máis doado e, no caso das empresas, que incrementen a súa competitividade"*, unha demanda social que a Secretaría que representa Pereira xa está a atender, a través de iniciativas e solucións baseadas tanto en software libre como en software propietario, dous estándares distintos que segundo Pereira, *"deben convivir, para garantir a interconexión entre diferentes solucións tecnolóxicas e dar resposta á demanda cidadá"*.

Pereira sinalou que, desde a posta en marcha da iniciativa galega polo software libre, son moitas as actividades levadas a cabo por parte da Xunta e das diferentes institucións e comunidades de usuarios coas

que colabora estreitamente; neste senso, a conselleira destacou o a importancia de poder escoller o galego como lingua principal coa que usar os nosos equipos, porén recoñeceu que *"o software debe estenderse por convencemento e non por imposición"*.

Co obxectivo de afondar no desenvolvemento e na investigación do software libre, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica vai crear, segundo afirmou a súa máxima mandataria, un Centro Demostrador de produtos de software libre que permita dar a coñecer os casos de éxito en sectores concretos, así como un Servizo Integral ás pequenas e medianas empresas galegas, dende o cal traballar coas mesmas e coñecer as súas impresións no uso de modelos de software libre para aportar solucións axeitadas ás súas características.

Todo isto, indicou, apoiado nun Estudo comparativo sobre software libre de xestión empresarial para a mellora competitiva da industria galega, *"que identifique ámbitos de actuación"*.

Asemade, a consellería fixo fincapé na necesidade de fomentar o Repositorio de software Libre en Galicia como ferramenta estratéxica para o seu desenvolvemento,

e o impulso á implantación efectiva dos estándares abertos.

Deste xeito, segundo explicou Mar Pereira, a Xunta porá en marcha o procedemento para licenciar como software de fontes abertas o software desenvolvido con fondos públicos, e que sexa propiedade da Administración autonómica, *"de xeito que estea a disposición daqueles organismos e administracións que amosen interese nel"*. Así mesmo, empregará documentos baseados en estándares abertos como a política de Goberno nas súas comunicacións coa cidadanía.

Formación e divulgación

Nesta área, conforme relatou Pereira, a Xunta establecerá un plan de acción a medio e longo prazo coas institucións interesadas no desenvolvemento do software libre: universidades, grupos e comunidades de usuarios, centros tecnolóxicos, CESGA... e tamén, colaborará con outros organismos para coordinar accións formativas na sociedade e nas empresas.

A Rede de telecentros, pola súa banda, servirá para achegar o software libre aos cidadáns e, no que respecta ás empresas, realizarase a través de programas formativos orientados a institucións, clústers, plataformas ou asociacións, etc; e orientado ao sector TIC, o que se fornecerá a través dun plan efectivo de excelencia empresarial.

Tamén se actuará no ámbito educativo, colaborando coa Consellería Educación e Ordenación Universitaria para a formación de profesorado de primaria e secundaria, para elaborar contidos dixitais orientados ao tele ensino e para fomentar iniciativas de tradución ao galego das ferramentas de software libre e promover o mantemento destas traducións nas sucesivas versións dos produtos, contando co apoio de Política Lingüística.



INTERNET Á VOLTA DA ESQUINA

A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS MANTÉN ACTIVA A REDE DE TELECENTROS, UN TECIDO DE ESPAZOS DE CONEXIÓN ESPALLADOS POR TODA A NOSA XEOGRAFÍA



Imaxe da campaña *As Letras na Rede*, promovida pola Rede de Telecentros de Comunicación



Proxección de Curtas dentro da Campaña *Comunicate* dos Telecentros de comunicación, en Abegondo

Que é un Telecentro?

A Rede de Telecentros de Comunicación (RTC) é un servizo público e gratuito para tódolos cidadáns financiado pola Secretaría Xeral de Medios en colaboración cos Concellos onde se sitúan devanditas aulas. O Centro Multimedia de Galicia (<http://www.cmg.xunta.es/ilive/>), unidade do Servizo de Programación Multimedia (Subdirección Xeral de Enxeñaría e Planificación de Telecomunicación, Radio, Televisión e Multimedia), encárgase da xestión da Rede de Telecentros de Comunicación realizando, de forma coordinada, a posta en marcha de actividades formativas e a implantación de servizos e de accións de sensibilización e acercamento da poboación.

Os obxectivos da Rede de Telecentros de Comunicación son os seguintes:

- Ser un espazo aberto de comunicación.
- Familiarizar á cidadanía coas novas canles e soportes audiovisuais de comunicación.
- Facilitar o acceso público a Internet como medio de comunicación favorecendo a democratización de acceso aos servizos que proporciona a Sociedade da Información.
- Mellorar a formación profesional dos profesionais do sector audiovisual e multimedia.

Os Telecentros son espazos nos que poñer aos cidadáns en contacto directo coas TIC

O Telecentro de comunicación é un espazo duns 100 m² acondicionado axeitadamente que dispón de material informático (ordenadores, impresoras, etc.), equipo de videoconferencia, material audiovisual, pantallas de proxección e de plasma, sistemas de control, etc. que permiten realizar diferentes escenarios dependendo das necesidades técnicas do evento que se queira desenvolver.

Usos da infraestrutura

Os Telecentros, tal e como informan os responsables desta infraestrutura na súa páxina web (<http://telecentros.comunicacion.xunta.es/>) pódense empregar para levar a cabo as accións seguintes:

- Cursos formativos e relatorios.
- Teleformación (ensinanza a distancia grazas a tecnoloxías como videoconferencia).
- Roldas de prensa.
- Videoconferencias/multivideoconferencias, reunións de traballo, etc.
- Proxección de audiovisuais.
- Edición e creación de material multimedia e/ou audiovisual.

Os Telecentros están a disposición da cidadanía en xeral, colectivos ou asociacións.

Poden contar con esta infraestrutura aqueles concellos que por convenio cumpran os seguintes requirimentos:

- Dispoñer duna sala duns 100 metros cadrados
- Contar con persoal responsable para o Telecentro, que actúe de contacto coa Secretaría Xeral de Medios (Centro Multimedia de Galicia).

Os puntos de acceso, un por un

Telecentros na Coruña

- TC Abegondo
Abegondo. Casa do Concello. R/ San Marcos 1. CP:15318
- TC Arzúa
Arzúa. Edificio de Servicios Múltiples. Rúa de Lugo
- TC Betanzos
Betanzos. Oficina municipal de información xuvenil - Emilio Romay nº1
- TC Biblioteca Pública Miguel González Garcés - A Coruña
A Coruña. R/ Miguel González Garcés, 1. CP:15008
- TC Boiro
Boiro. Centro Sociocultural (1ª andar). R/Principal, s/n. CP:15930
- TC Brión
Brión. Carballeira de Santa Minia 2 CP:15865
- TC Carballo
Carballo. Pazo da Cultura - Rúa do Pan, s/n
TC Centro Multimedia de Galicia - Santiago de Compostela
Santiago de Compostela. R/ Hórreo, 61. CP:15702
- TC Fac. de Ciencias da Comunicación - Santiago de Compostela
Santiago de Compostela. Avda.Castelao, s/n. CP:15704
- TC Melide
Melide. Edificio Multiusos - Praza das Universidades s/n
- TC Muros
Muros. Casa da Cultura - Praza San Pedro
- TC Negreira
Negreira. Casa da Cultura. Carreira de San Mauro, 11
- TC Oroso
Oroso-Sigüeiro. Rúa do Deporte nº9
- TC Padrón
Padrón. Rúa Mollet del Valles 6. Local Municipal CP:15900
- TC Ribeira
Santa Uxía de Ribeira. Confraría de Pescadores. Avda. do Malecón, nº 22. CP:15960
- TC Santa Comba
Santa Comba. Centro Multiusos. C/ Curros Enríquez s/n. CP:15841
- TC Vedra
Vedra. Avda. Manuel Gómez Lorenzo - CP15885
- TC Vimianzo
Vimianzo. Centro Social de Vimianzo. R/ Blanco Rajoy s/n. CP: 15129

Telecentros en Lugo

- TC A Fonsagrada
A Fonsagrada. Casa da Cultura. R/ Chaos s/n. CP: 32.500
- TC Aula de Productos Lácteos - Lugo
Lugo. Avda. da Fábrica da Luz s/n . CP: 27004
- TC Becerreá
Becerreá. Rúa de Valgamarín s/n
- TC Chantada
Chantada. Rúa Riveira Sacra nº12
- TC Foz
Foz. Casa da Xuventude. R/ Julia Minguillón nº7 planta baixa. CP: 27780
- TC Guitiriz
Guitiriz. Rúa do Concello s/n
- TC Lugo
Lugo. Centro Social Lamas de Prado. Praza de Castiñeiro s/n. CP:27004
- TC Monforte de Lemos
Monforte de Lemos. Edificio Multiusos. Ronda Urbana, s/n. CP:27400

- TC Monterroso
Monterroso. Centro Sociocultural. R/Maestro López Losada s/n. CP: 27560
- TC Quiroga
Quiroga. Casa da Cultura. Rúa Real s/n
- TC Sarria
Sarria. Casa da Cultura. Rúa Marqués de Ugena s/n CP: 27600
- TC Viveiro
Viveiro. Claustros de San Francisco. Avda. de Cervantes s/n. CP: 27850

Telecentros en Ourense

- TC Allariz
Allariz. Centro da Mocidade. Rúa da Liberdade S/N. CP: 32668
- TC Castro Caldelas
Castro Caldelas. C.P.I. Virxe dos Remedios. O Toural S/N 32760
- TC Celanova
Celanova. Mosteiro de San Salvador. Praza Maior S/N CP: 32800
- TC Delegación da Xunta en Ourense
Ourense. Delegación da Xunta - Edificio Chocolate- R/Habana 79, 3ª. CP:32004
- TC O Barco de Valdeorras
O Barco de Valdeorras. Concello de O Barco. R/ Praza do Concello nº 2-2º piso. CP: 32300
- TC O Carballiño
O Carballiño. Casa do Concello. Praza Maior, 1. CP: 32500
- TC Ourense
Ourense. Rúa do Progreso 44
- TC Verín
Verín. Casa da Xuventude. Avda. Portugal nº 11 CP:32600
- TC Xinzo de Limia
Xinzo de Limia. Casa da Xuventude. R/Curros Enríquez nº 17. CP: 32630

Telecentros en Pontevedra

- TC A Cañiza
A Cañiza. Casa da Cultura. Rúa do Progreso s/n. CP: 36680
- TC A Estrada
A Estrada. Centro Multiusos. Avda. Benito Vigo nº94. CP:36680
- TC Catoira
Catoira. Biblioteca Pública Municipal
- TC E.T.S.E. de Telecomunicación - Vigo
Vigo. Campus de Lagoas - Marcosende. CP:36310
- TC Fac. CC. Sociais e da Comunicación - Pontevedra
Pontevedra. Campus A Xunqueira, s/n. CP:36005
- TC Lalín
Lalín. Auditorio Municipal. Rúa do Parque, s/n. CP:36500
- TC Marín
Marín. Biblioteca Pública Municipal Vidal Pazos. Avenida de Ourense nº8
- TC Pontearreas
Pontearreas. Centro de Desenvolvemento Local - A Lomba - Ribadetea - CP:36860
- TC Redondela
Redondela. Edificio Multiusos. Paseo A Xunqueira, s/n. CP:36800
- TC Tui
Tui. Edificio Área Panorámica-Rúa Colón nº2
- TC Vigo
Vigo. Edificio do Concello. Praza do Rei nº 1. CP: 26202
- TC Vilagarcía
Vilagarcía. Obradoiro municipal de emprego - Avda.de Matosinhos nº1

<http://telecentros.comunicacion.xunta.es/>

FACENDO MÁIS DOADO O QUE XA ERA DOADO

DAMOS CONTA DALGUNHAS DAS ACTIVIDADES MÁIS RECENTES DA RTC E DOUTRAS QUE AÍNDA ESTÁN POR VIR [CÓMPRE TOMAR NOTA]

Métodos para procurar emprego por Internet

No marco da campaña *Comunícate*, que a Secretaría Xeral de Medios desenvolve para dar a coñecer a Rede de Telecentros de Comunicación de Galicia (RTC), estase a traballar nunha serie de doce tutoriais interactivos co obxectivo común de facerlle máis doado ao usuario o coñecemento e uso das novas tecnoloxías da comunicación. O segundo deles, que versa sobre buscar emprego por internet, presentouse só hai uns días no Centro Multimedia de Galicia de Santiago de Compostela. Este tutorial en concreto xorde co obxectivo de converterse nunha ferramenta básica para as usuarias e usuarios para cuestión tan importantes como onde facer mellor o currículo, en que páxinas web movérmolos para unha óptima procura de emprego, tanto no sector privado, como na comunicación coa administración.



Os tutoriais, desenvolvidos en ferramenta Flash, están pensados para un público con escasos coñecementos informáticos e tratan sobre distintos temas relacionados co mundo das novas tecnoloxías no ámbito da comunicación e cos distintos servizos e oportunidades que a rede ofrece na actividade diaria da cidadanía: o acceso á banca electrónica, a administración electrónica, a formación en liña, as redes sociais, etc...

Os interesados poden informarse e inscribirse no tño do CAU 902 922270, cau@centromultimedia.net.

Por certo que foi un especialista vinculado ao mercado laboral o encargado de introducir e presentar o segundo dos tutoriais desde a sala AccessGrid do Centro Multimedia de Galicia, aproveitando para facer un percorrido pola situación actual do emprego e as posibilidades amplas que nos ofrecen as novas tecnoloxías. Trátase de María Otero Reboiras, xefa de Servizo do Servizo de Xestión e Coordinación da Subdirección Xeral de Colocación, quen contou coa colaboración de Luis Manteiga Gorgal, orientador laboral e responsable do Telecentro de Catoira. O acto foi presentado por

Felicitas Rodriguez, xefa de servizo de Programación Multimedia da Secretaría Xeral de Medios. A xornada seguiu a través de videoconferencia dende o Centro Multimedia de Galicia nos Telecentros de Comunicación de Oroso, Vimianzo, Melide, Lugo e Ourense, onde os interesados traballaron co tutorial, que fica desta maneira accesible nos distintos TC da Rede de Telecentros de Comunicación para o seu uso.

Videoconferencia con Arxentina

Arredor de 50 veciños de diferentes lugares do municipio de Monterroso e unha veciña de Lugo, pertencentes a 9 familias, participaron a finais de xuño na Aula Multimedia da dita vila nunha videoconferencia con preto doutros tantos familiares residentes en Bos Aires. Durante unhas tres horas conversaron de cuestións de todo tipo relacionadas ás respectivas familias, con numerosas persoas que se emocionaron e incluso acabaron chorando, tanto en Monterroso como en Bos Aires.

A videoconferencia, á que asistiron o alcalde, Antonio Gato, dende Monterroso e o voceiro da xunta directiva do Centro Galego de Bos Aires, Antonio Núñez, permitiu que algúns dos familiares se visen por primeira vez, aínda que fose a través dunha pantalla, xa que entre os presentes había mozos que non coñecían aos familiares da outra beira do océano. Dende Monterroso, a Rede de Telecentros agradece a María Mirta Vázquez, unha natural desta vila lucense en Bos Aires, a súa axuda para pór en contacto ás veciñas e veciños.



Videoconferencia 2008 con Arxentina dende Monterroso

Cursos de verán en Quiroga

As novas tecnoloxías teñen este ano o seu espazo nos Cursos de Verán programados polo Concello de Quiroga para os meses de xullo e agosto, nos que están inscritos 50 alumnos. Nas instalacións do Telecentro os rapaces e rapazas de entre 4 e 12 anos (divididos en dous grupos 4-7 e 8-12), gozan os martes de proxec-



cións audiovisuais e os xoves dun curso de manexo de aplicacións informáticas básicas e da búsqueda na internet. A experiencia está a ser moi salientable tanto para os docentes como para os alumnos, que xa demandan algo semellante de cara ao inverno.

Seminarios de iniciación en Redondela

No Telecentro de Redondela, os meses de xullo e agosto están este ano máis que completos no que a actividade de promoción básica da Rede se refire. Por unha banda, o espazo de conexión ofrece a sétima edición do Curso de Internet para nenos e nenos socias/os da biblioteca, a desenvolver do 20 de xullo ao 14 de agosto na Aula Multimedia do Edificio Multiusos da vila. Esta actividade está organizada polas Concellerías de Novas Tecnoloxías e Cultura. Por outra banda, e



no mesmo escenario, desenvólvese (tamén de balde) o seminario *Navegando pola Rede*, unha iniciativa encamiñada a introducir ás veciñas e veciños nas vantaxes de todo tipo que ofrece Internet (busca de traballo, comunicación, intercambio de coñecemento, etc.). O curso vai desenvolver até o 3 de agosto, e dende a organización (o Concello) advirten de que non se precisan coñecementos de informática.

A Rede de Telecentros acollerá un curso de creatividade e intelixencia

Os Telecentros de Melide, Betanzos, Chantada, FCSC (a Facultade de Ciencias da Comunicación en Pontevedra), A Cañiza e Ourense van acoller durante as vindeiras semanas un curso de Creatividade e Intelixencia Emocional, actividade formativa encamiñada a achegar recursos e consellos para reforzar a capacidade de superación (social, laboral, persoal) das persoas inscritas nas ditas aulas dixitais fronte aos novos retos que impón a Sociedade do Coñecemento. O curso, de 120 horas, consta de tres actividades gratuítas a des-



envolver nos devanditos centro multimedia durante o ano 2009. Incorpora no seu seo catro módulos de aprendizaxe, un por cada eido temático: ideas (ensinar a pensar e a facer exercicios de pensamento para saber cales son as boas e cales son as malas ideas), creatividade (aprender a converter o positivo en aínda máis positivo: ideas con capacidade de ter vida propia e máis pegada social), intelixencia emocional (achegar recursos para manejar a forza das emocións co fin de mudar as ideas mellores en realidade) e informática (uso das mellores ferramentas actuais co obxecto de facer máis doado o pensamento activo, a creatividade e máis a intelixencia emocional).

Polo que respecta ás persoas destinatarias da actividade formativa, sinalar que vai encamiñado a mozas e mozos interesados/os en tirar partido dos recursos propios de seu (maxín, enxeño, capacidade de pór en marcha proxectos) como vehículo para a mellora social e persoal. O número de prazas por centro vén establecido pola capacidade de cada aula. No que atinxe aos horarios, relembrar que contará cunha duración de 120 horas en aula, a distribuír de luns a xoves e de 9.00 horas a 14.00. A segunda das accións formativas dará comezo o vindeiro martes 22 de setembro, e desenvolverase até o martes 3 de novembro nos Telecentros citados. Establecerase tamén unha titoría en liña a disposición das/os participantes, tanto durante as sesións como en aula como no mes posterior ao remate das sesións devanditas. Por certo que xa está aberto o proceso de inscrición na ligazón

<http://reservas.centromultimedia.net/public/reservas.php>



Presentación Programa Multimedia de Formación - Comunícate en Santiago

CANDO CONECTARSE É UN DESEÑO

**A INTERNET ACHÉGALLE Á ARTE NOVOS MATERIAIS
E NOVAS CANLES DE PRESENTACIÓN E ENCONTRO,
E ESTE RESÉRVALLE Á REDE UN NIVEL
DE CREATIVIDADE QUE OS SEUS PROMOTORES
ORIXINAIS APENAS SOÑARAN**



Arte e Internet, ao seu pesar ou non, van cada vez máis estreitamente ligadas. A súa relación, en ocasións tensa polo que unha ten de minoritario e outra de universal, non soe deixarnos indiferentes. E isto, lonxe de calquera outra consideración, xa é un paso adiante. A continuación, analizamos o que deu de si recentemente esta estimulante unión de contrapostos na liña de saída e finalmente non tanto. E sen saírmos da nosa terra.

Convocado un encontro virtual de artistas 2.0



O proxecto cultural 12 Lúas (12luas.blogspot.com) segue adiante na súa teima de afondar nas posibilidades dunha estrada de dobre vía: aquela na que circulan as novas expresións artísticas e as tecnoloxías da información. Nesta liña é precisamente onde se insire un dos proxectos estrela do seu segundo ano de actividade: a primeira edición do Evento Internacional de Arte, Redes Sociais e Web 2.0. O encontro, que como o seu nome ben indica sae á procura do sitio onde a creatividade a título persoal se converte en participativa, non se pecha a unha única disciplina nin a un número limitado de artistas e/ou internautas: a idea é abranguelo todo. Trátase polo tanto dun "gran evento da web 2.0" que se abre como tal á comunidade e que só esixe unha serie de requisitos imprescindibles: ter un blog (unha das ferramentas por excelencia desta nova orde da Rede) como unha xanela para amosar os traballos, estar presente nalgunha rede social (Facebook, Tuenti, hi5, etc) co mesmo obxectivo ou ter empregado ferramentas como YouTube se a achega é audiovisual ou como Flickr no caso da expresión plástica, gráfica ou fotográfica.

Amais, hai un cuarto requisito fundamental que lle achega aínda máis coherencia a esta proposta de cultura con altofalantes 2.0: todos os traballos deberán estar rexidos por licenzas Creative Commons, o que significa que ficarán dispoñibles para seren usados por segundos ou terceiros sempre e cando se recoñeza a autoría orixinal.

Segundo informa a organización, unha vez cumpridos os requirimentos cómpre enviar á conta de correo 12luas@gmail.com as ligazóns correspondentes para a comprobación. Logo,

procederá a enviarlle un correo electrónico ao artista co logotipo do evento para que o pendure nas respectivas plataformas e incluírase no caderno de 12 Lúas. "Aquel que teña máis comentarios feitos por usuarios únicos será publicado en todas as nosas redes xunto coa súa obra", informan os responsables do certame. Por certo que a data límite para participar é o 4 de outubro de 2009.

A revista Obradoiro de Artesanía estréase na Web

A directora xeral de Comercio, Nava Castro Domínguez, vén de presentar o novo número da revista Obradoiro de Artesanía, que publica semestralmente a Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño co obxectivo de que funcione como un "escaparate da heteroxeneidade da creatividade en Galicia, así como unha ferramenta de comunicación, de cohesión, desenvolvemento e de promoción do propio sector", que pode consultarse nas súas edicións en galego e inglés dende a páxina web www.obradoirodeartesania.com. Este espazo non só permite o acceso ao último número da publicación, senón que tamén conta cunha hemeroteca na que podemos descargar en formato PDF os números anteriores.



A edición impresa da publicación distribuírase entre as 118 tendas adheridas á marca Artesanía de Galicia, centros públicos de ensino relacionados coas disciplinas e tipos de traballo que abrangue, museos e galerías de arte de Galicia e centros de artesanía doutras comunidades autónomas, así coma nos establecementos turísticos que contan co distintivo de calidade de Turgalicia.

Nace un sitio galego especializado no deseño e nas artes

"Un punto de encontro de todos os amantes da cultura visual e das artes"; así é como se define a si mesma a última publicación galega en liña creada polo estudo de deseño Atelier Gráfica Visual de A Coruña, unha ferramenta multimedia que busca posicionar aos artistas galegos no mundo (deseñadores, arquitectos, fotógrafos, cineastas) e dalos a coñecer alén das nosas fronteiras do xeito máis orixinal posible.

Inocuo (www.inocuoatelier.com) viu a luz na Rede esta primavera pasada co obxectivo firme de proxectar fóra de Galicia as tendencias artísticas e os novos talentos galegos. Asemade, cunha periodicidade mensual, escolma toda a información especializada "via off-line e

tamén on-line", que trate sobre todas as artes habidas e por haber no noso país (danza, pintura, cine, ilustración, música, teatro...).

Segundo vén de afirmar a editora da publicación e directora de arte de Atelier, Cristina Ayala, "Inocuo persegue un propósito duplo: centralizar a información de interese para os artistas e difundir os avances tecnolóxicos, as últimas tendencias e os proxectos anovadores realizados en Galicia".



Trátase, a fin de contas, dun soporte multimedia de comunicación que chama a atención pola súa orixinalidade e pola creatividade coa que foi creada, que ademais de ser atractiva presentalle ao internauta unha funcionalidade en dous planos: por unha banda permítelle coñecer os actos culturais de calquera tipo que se vaian dando nas distintas localidades galegas, a modo de axenda, e por outra, posibilitalle ao visitante estar ao día no tocante ás últimas tendencias galegas que traspasan as fronteiras cara o resto do mundo.

A web inclúe tanto novas con imaxes fixas como informacións con animacións en flash, vídeos, composicións... realizadas coas últimas e máis modernas ferramentas tecnolóxicas.

Asemade, integra diversas seccións, que se centran principalmente nas tendencias, nos concursos e nas exposicións de interese de cada unha das citadas artes, así como as súas novidades.

Os interesados en recibir o newsletter mensual, só teñen que subscribirse á publicación enchendo coa súa dirección de correo electrónico o recadro reservado para tal fin na sección Subscrición-Alta boletín, da web oficial.

E-BOOKS: A NOVA REVOLUCIÓN DIXITAL?



O Amazon Kindle DX quere imporse como un dispositivo para a lectura de prensa

Nos últimos meses escoitamos falar moito dos dispositivos de lectura de libros electrónicos, e do éxito que están a ter en EE.UU., pero a dúbida de se o mercado está listo para dicir adeus ao papel tanto na literatura como na prensa é inevitable, en boa medida para non repetir os erros da música de cara á súa comercialización.

A ninguén se lle escapa que co nacemento do formato MP3 a industria discográfica non soubo reaccionar, procurando a prohibición de plataformas como Napster e KaZaA que facilitaban o intercambio de ficheiros deste tipo a través da Internet como única alternativa para achegar música sen soporte. Existía así unha demanda para a que non había unha oferta legal, e as tendas como iTunes tardaron moito en aparecer, o que abriu a porta a un xeito de entender o consumo audiovisual que co incremento da velocidade das conexións á Internet domésticas trasladouse ao vídeo, de xeito que a descarga de películas e series de televisión poderían considerarse como un dos principais usos da Rede.

Resulta difícil de entender por qué aínda hoxe en España resulta practicamente imposible mercar vídeo en descarga, así como para adquirir música temos que empregar plataformas internacionais como a creada por Apple. Parece como se o sector audiovisual funcionase só por inercia e/ou contaxio do exterior, pero a preocupación

chega se queremos levar a análise ao texto, pois a oferta de libros dixitalizados en español (ou en galego) é realmente ridícula, ameazando con repetirse a historia da música, de xeito que o público podería buscar as súas propias fontes

para facerse con documentos dixitalizados ante os lentos pasos da industria editorial.

Os soportes

A música en MP3 comezou popularizándose nos equipos informáticos, nun momento no que incluso contaban cunha potencia que dificultaba a súa reprodución (de xeito que apenas podíase facer outra cousa á vez que se escoitaba música), pero a xente soubo ver as vantaxes do formato, e cando chegaron os reprodutores portátiles multimedia recibíronse cos brazos abertos de xeito que agora os Walkman e Discman son produtos totalmente do pasado.

Co libro electrónico levamos décadas con formatos coma o PDF que reflicten fielmente os documentos impresos no ordenador, pero os dispositivos de lectura aínda están pouco maduros, achegando unha calidade de reprodución moi distante á dos soportes físicos, especialmente

no tocante á súa resolución e ao soporte de cor, de xeito que a tecnoloxía de E Ink permite

unha resolución duns 170 puntos por polgada e entre 4 e 16 niveis de gris, o que na práctica supón unhas pantallas que aínda que sexan tan agradables á vista coma o papel, achegan unha aparencia máis semellante a unha fotocopia que a

Malia que a oferta de libros dixitalizados na nosa lingua é ridícula, semella que o futuro é esperanzador e a súa popularización é inminente



O Samsung SNE-50K podería abrir unha interesante guerra de prezos



O Cybook Opus ten un tamaño reducido que facilita o seu transporte

unha publicación impresa.

A ausencia da cor tamén é unha importante limitación, aínda que en cousa dun par de anos podería superarse, existindo xa dispositivos que permite esta posibilidade, pero que teñen un prezo excesivo, polo que aínda non son populares.

Precisamente o prezo é un dos factores chave para popularizar estes trebellos, e iso é o que fainos pensar na proximidade dunha revolución, pois está a chegar a competencia ao mercado, e mentres o popular Amazon Kindle véndese a 299 dólares e o español Papyre 6.1 de Grammata véndese a 299 euros, están a chegar ao mercado dispositivos coma o Cybook Opus (á venda por 249,95 euros) e incluso o Samsung SNE-50K, que saíu en Corea do Sur por 339.000 wons (192,91 euros), de xeito que a barreira do prezo podería estar moi lonxe de superarse, ao achegarse ao que custa un reprodutor multimedia portátil de marca.

De todos os xeitos, estamos a falar do libro electrónico coma dispositivos ligados exclusivamente á tecnoloxía de tinta electrónica, cando o certo é que os móbiles coma o iPhone estanse a converter nos dispositivos de lectura máis empregados a nivel mundial, en boa medida polo seu reducido tamaño e polo feito de levarse sempre enriba, e así a plataforma de lectura Stanza para iPhone e iPod Touch serviu para descargar 12 millóns de libros no seu primeiro ano de vida, sumando 2 millóns de usuarios, o que é só a punta do iceberg do que está por chegar.

A distribución

Pero levar os libros electrónicos aos dispositivos de lectura é un reto a ter en conta, pois hai que tender unha ponte entre autores e editoriais e os consumidores, o que podería facerse mediante a distribución física (vendendo libros en tarxetas de memoria) ou a través de descargas dixitais (que parece ser o sistema

imperante nos EE.UU.). De confirmarse esta última tendencia teríamos un panorama de futuro que facilitaría a vida aos autores que desexen unha boa distribución, pero desintegraría a canle de venda tradicional dos libros, revistas e xornais, que deixarían de xogar un papel e pasarían a ser un negocio marxinal como xa acontece coas tendas de discos.

Resultará interesante ver se a solución adoptada por Amazon (contratar con operadoras de telefonía móbil o servizo de descarga de datos directamente dende o lector de e-books) ou se o medio é independente e son os usuarios os que poden xestionar os contidos coma fan actualmente cos reprodutores de MP3.

No caso da prensa, tamén haberá que combinar a venda de exemplares soltos con subscricións (que poderían ser un interesante xeito de colocar dispositivos de lectura no mercado, subvencionándoos) e poderían ser un factor chave na salvación da prensa ante o avance dos medios dixitais.

O futuro



O iPhone gañou moita popularidade como dispositivo de lectura

Como aconteceu con outros medios, non parece que os libros, os xornais ou as revistas vaian desaparecer a longo prazo, pero terán de redefinir o seu papel coa mellora paulatina dos dispositivos de lectura dixitais (sexan trebellos coma o Kindle ou teléfonos móbiles), pois parece inevitable a súa popularización, de xeito que a dúbida non está na posibilidade de xeneralización senón nos prazos da mesma. Xogarán aquí un papel chave o prezo (tanto dos dispositivos coma dos contidos), os soportes (que deberán superar unha resolución de 300 dpi e presentar cor) e o catálogo de obras dispoñible.

A REDE A UN MILÍMETRO DE DISTANCIA

A TECNOLOXÍA DE ACCESO Á INTERNET SEN FÍOS AFIÁNZASE DENDE O PÚBLICO E O PRIVADO COMO UN XEITO DE GARANTIR A MELLORA DA NOSA CALIDADE DE VIDA E A DISPOSICIÓN LIBRE DO COÑECEMENTO



Wi-fi non só significa Wi-Fi. Hai moitas cousas que están detrás desta tecnoloxía de acceso á Rede sen fíos. Por exemplo, un dos nosos dereitos máis universais: o dereito á información. Neste sentido, achegarlle á cidadanía a posibilidade de ter o coñecemento no aire, ao alcance da súa man, semella un bo xeito de garantilo. Sempre e cando se teñan en conta os regulamentos establecidos por órganos como a CMT e non se incorra, dende o eido público, nunha situación de competencia desleal co eido privado. Con todo, sexa pública ou privada, a tecnoloxía Wi-Fi está cada vez máis demandada, xa non só como a tapa que serven nun local acompañando unha consumición, ou o servizo público que as institucións están obrigadas a promover, senón tamén como unha garantía de que esta sociedade na que nos tocou vivir non sempre vai a peor. En ocasións, poucas, até parece que mellora. Damos conta dalgúns exemplos recentes.

Wi-Fi de balde para Cidade de Deus

A Rede de acceso integral e libre non vai ser a solución a todos os problemas de violencia que ten Cidade de Deus, unha das favelas máis coñecidas de Río (en parte grazas ao filme de Fernando Meirelles e en parte por ser un dos espazos menos favorecidos social e economicamente do país), pero pode que contribúa a pór a primeira pedra dun incremento na calidade de vida dos seus veciños ou, polo menos, dun máis completo abano de posibilidades para os mozos e mozas da zona. Segundo se conta en webs como Lavidawifi.com, o Goberno do Estado de Río vén de poñer en marcha un programa de divulgación e promoción do acceso á Sociedade do Coñecemento que, entre outras

cousas, inclúe a incorporación dunha infraestrutura de Wi-Fi gratuito a partir deste mes na devandita favela. A iniciativa, que conta coa participación da multinacional Motorola, apóiase nos mesmos tres alicerces que impulsaron previamente a dinamización dixital de outras zonas da cidade: Rede de balde para tentar frear a falta de oportunidades que leva á marxina-ción, achega de servizos xerais para a comunidade e acceso Wi-Fi para apoiar a rendibilidade e competitividade dos pequenos empresarios do barrio.

A proposta, nun sentido máis xenérico, xorde coa finalidade de empregar a Rede como porta de entrada para outro vieiro de vida diferente do que subministran as mafias para a xente nova. Asemade, preténdese universalizar o servizo de Internet, que para o Goberno brasileiro e dos seus distintos estados semella ser dende hai tempo un firme compromiso (así o evidencia, por exemplo, a aposta polo software libre a todos os niveis). Segundo se conta na Internet, o deseño e a posta en marcha da rede púxose en marcha grazas a Motorola a través do seu socio no país irmán, Mibra Engenharia.

Arteixo Telecom instala rede wireless en tranvías de Barcelona

A compañía galega Arteixo Telecom instalou un sistema de conexión á Internet sen fíos en 5 trens da rede de tranvías de Barcelona, de xeito que os usuarios do servizo de transporte poderán aproveitar as súas viaxes para consultar a Internet, e agardan que esta solución tecnolóxica xeneralícese no conxunto de trens da rede de tranvías barcelonesa.

Este acordo sería semellante ao que levou á implantación deste tecnoloxía nos autobuses da clase Supra de Alsa ou da liña de autobuses entre Ferrol e A Coruña de Arriva; e dende Arteixo Telecom aseguran que están en conversas para poder implantar o sistema nos tranvías coruñeses (medio de transporte utilizado principalmente polos turistas na cidade herculina).

Vigo, a prol da Internet gratis

Segundo contou os días pasados El Faro de Vigo, xa está en marcha na dita cidade un tecido de tres redes para levar cobertura aos veciños e aos turistas de tres grandes áreas: O Calvario, a Praza de América e Independencia. Segundo se recolle na información, a idea é que o equipamento estea operativo neste mes de xullo, de xeito gratuito pero con algunha que outra restrición que garanta a legalidade da iniciativa e o respecto por parte do Concello das normas de competencia (lembrar que as administracións públicas non poden concorrer en España no mercado da Rede e con arela de lucro). Deste xeito, o sinal estará limitado ao pé de rúa (non chegará a dentro das casas) e unicamente poderá empregarse o servizo durante un tempo limitado que aínda está por concretar.

Amais disto, non estará dispoñible para a libre descarga de películas, cancións ou xogos, nin para visitar contidos vinculados ao sexo e á violencia ou non axeitados para os pequenos.

Segundo se informa na Internet, o proxecto vigués segue en certa maneira o ronsel da Rede WiFi de Barcelona. Amais destes e outros modelos, a iniciativa galega tamén



está en disposición de inspirarse en si mesma, e máis se temos en conta que non é a primeira vez que Vigo impulsa un servizo desta índole, de balde e para toda a veciñanza, sendo o caso da cobertura sen fíos para a praia de Samil un dos máis salientables, malia a súa baixa demanda.

Porén, tanto a tecnoloxía como o interese da cidadanía evolucionou moito dende aquela, por iso a previsión xeral no que se refire a interese suscitado é ben distinta. Para comezar, a nova rede non se limitará a un espazo non urbano, senón todo o contrario: estará no miolo da cidade, alí onde se desenvolve unha boa parte da súa vida cultural, social e económica, polo que é de supoñer un importante número de solicitudes de alta. Cómpre sinalar a maiores que a infraestrutura está suxeita a medres: en breve, logo de verán, o Concello levaraa até a zona vella, aínda que desta volta con tecnoloxía WiMAX.

Avilés, cualificada na Rede como modelo a seguir

En cuestión de Wi-Fi, todo semella acabado de saír dunha fase de probas. Non podía ser doutro xeito: trátase dunha tecnoloxía de acceso á Internet, sen fíos, nova, en proceso de melloras e de regulamento. Con todo, na súa implantación ao longo e ancho do territorio estatal estanse a localizar, a xuízo dos especialistas, algúns exemplos a seguir. Ou sexa, puntos fixos para elementos que se moven: a innovación e a distancia que nos separa do coñecemento. Para webs como ADSLZone, entre estes modelos atópase por dereito propio a cidade asturiana de Avilés, espazo urbano onde se vén de poñer en marcha un proxecto de 7 millóns de euros de investimento para achegar Wi-Fi de balde en zonas públicas como o casco histórico, o paseo marítimo, os campus e as bibliotecas. A iniciativa, presentada ao detalle polo Concello no Encontro sobre Telecomunicacións, ten unha característica que en certa maneira a diferencia doutras propostas do mesmo pau: é de balde e permite velocidades de entre 10 e 20 megas, cunha capacidade de rede que posibilita a conexión de até 400 usuarias e usuarios de maneira simultánea.

A infraestrutura, que inclúe 66 antenas e 13 quilómetros de fibra óptica, non é nova. En realidade, está xa habilitada dende abril de 2007, sendo a media de emprego de máis de 3.000 conexións ao mes. O que si que é novo é o pulo que se lle está a dar no Concello, incrementando a súa capacidade e favorecendo a participación. Polo que respecta aos posibles problemas de competencia desleal que se poidan desprender do feito de que un goberno local ofrezca un servizo de balde en substitución dunha iniciativa privada que xere negocio, o Concello xa saíu ao paso en constantes ocasións: o seu

obxectivo, di, non é competir cos operadores senón achegar acceso de balde aos cidadáns que permita conexións á Rede de alta velocidade e levar a cabo trámites coas administracións pola vía do dixital. Dito doutro xeito: sinalan os responsables que non supón un atranco para que ningún operador de telecomunicacións. De feito, engaden, tendo en conta que o 98% da poboación da cidade xa ten banda larga no seu fogar, non semella que se poida falar dunha gran cantidade de veciños que estean a dar de baixa os servizos privados en beneficio da opción pública. Por certo que segundo explica Lavidawifi, o modelo de Avilés respecta a legalidade establecida polo miúdo pola CMT (Comisión do Mercado das Telecomunicacións), xa que é unha empresa a que actúa como cliente e pagadora da terminal, sendo a través de patrocinios e publicidade como se favorece que a rede sexa sostible.

A nosa terra, no cuarto posto da listaxe de comunidades Wi-Fi

O Grupo Gowex (www.gowex.com) presentou recentemente unha investigación sobre o acceso sen fíos á Rede e a demanda e a oferta da que está a ser obxecto en España, tanto dende o público como dende o privado. O estudo, do que xa dimos conta nesta nosa revista hai unhas semanas, facía especial mención de Galiza como un territorio activo abondo no que se refire á aposta por estas tecnoloxías, en boa medida porque semellan ser estas tecnoloxías as que en parte nos axuden a salvar certos atrancos derivados do illamento demográfico e a paisaxe accidentada. Pois ben, o Informe Anual Wi-Fi non se esgota nos datos xerais e concretos que anunciamos os días pasados: ten un posto específico para a nosa terra en materia de iniciativas municipais sen fíos no territorio español, concretamente o posto número catro, con máis de 30 concellos inscritos como operadores da Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT) e cunha decena de gobernos locais achegando servizos desta índole en diferentes modalidades aos seus cidadáns.

Por certo que Galiza só está a ser superada neste senso por Andalucía, Aragón e Catalunya.

Asemade, sinálase no informe, estamos situados na sexta posición no que se refire á habilitación de puntos de conexión Wi-Fi en espazos comerciais (espazos sobre todo vinculados á hostalería).

A todos estas iniciativas locais cómpre engadir a da cidade de Ourense, que segundo dá conta Gowex decidiu rexistrarse recentemente na CMT como operadora e co obxectivo de estender a súa rede Ourense Wi-Fi a dez espazos públicos do seu centro urbano e catorce núcleos do perímetro rural. E todo isto antes de que remate o ano 2009.

Burgos aposta polo Wi-Fi sostible

O Concello de Burgos vén de mover ficha a prol da Internet pública como alternativa aos espazos e situacións onde non hai privada. E faíno a través de infraestrutura Wi-Fi para escenarios concretos: os emprazamentos de uso público para o lecer e o esparcemento. A iniciativa, de nome WiFi Bur, está a contar en materia tecnolóxica coa empresa Gowex e o seu desenvolvemento WILOC, plataforma de publicidade e contidos neolocalizados que permite a posta en marcha "dunha rede municipal sostible e rendible no tempo", segundo informa a compañía.



Por certo que no emprego desta tecnoloxía en concreto, WiFi Bur é a primeira que lle tira partido no eido público-local, ficando a disposición dos veciños da cidade nas tres piscinas municipais, na biblioteca Gonzalo de Berceo, no centro cultural do Barrio de Cortes e no Teatro Municipal. A previsión é a de ampliar a infraestrutura con cobertura total para despois do verán. Na imaxe, Juan Catalán (GOWEX), cos concelleiros burgaleses Eduardo Villanueva e Bienvenido Nieto.

Máis polo miúdo, WILOC (Wi-Fi Location) ten o obxectivo de herar ingresos publicitarios a través dunha infraestrutura das devanditas características e facela viable economicamente. A plataforma, sinala Gowex, está deseñada como un modelo de negocio e unha vantaxe competitiva "na explotación dunha rede municipal Wi-Fi, porque, alén de permitir a sostibilidade, actúa acorde coa regulación do sector das telecomunicacións". Polo que respecta ás outras dúas características fundamentais que pon en xogo, neolocalización e contextualización, sinalar que o que se pretende con isto é informar de xeito automático dos servizos e contidos (incluída publicidade) dispoñibles na zona de conexión do usuario, na que o punto de conexión está localizado e personalizado. En palabras de Gowex, grazas a isto benefíciense os anunciantes (na que fan medrar a súa presenza a través de campañas de promoción), os promotores e os concellos (rendibilizan os puntos de acceso grazas aos ingresos da publicidade en liña) e os usuarios, que reciben información máis á súa medida e servizos máis completos.

Volvendo aos puntos de conexión comerciais, a firma achega datos sobre o seu número actual (416) e os seus principais emprazamentos: bares, restaurantes, gasolineras, etc.

Reparto de Concellos en Galicia dando servizo ou en trámites de dalo:

- A Coruña:

- A Coruña
- Corcubión
- Concello de Santiago de Compostela
- Concello de Boimorto
- Carral

- Ourense:

- Ourense
- Toén
- Concello de Castro Caldelas
- Concello de Castrelo de Miño
- Concello de Arnoia
- Concello de Allariz

- Pontevedra:

- Concello de Pontevedra
- Concello de Ribadumia
- Concello de Vilaboa
- Concello de Nigrán
- Concello de Cuntis
- Concello de Manzaneda
- Concello de San Sadurniño
- Concello de Tomiño
- Concello de Salvaterra de Miño
- Concello de Vilanova de Arousa
- Concello de Cambados
- Concello da Cañiza
- Concello da Estrada
- Concello de Soutomaior
- Concello do Rosal
- Concello de Pontearreas
- Concello de Mondariz-Balneario

- Lugo:

- Concello de Meira
- Concello de Ribeira de Piquín
- Concello de Pol
- Concello da Pastoriza
- Concello de Láncara
- Concello de Rábade
- Concello de Begonte
- Concello de Samos
- Concello de Cervantes
- Concello de Foz

La Vida Wi-Fi: blog sobre o que se gaña e o que se perde nas redes sen fíos

O día a día nas redes sen fíos non é precisamente un mundo que se esgote na tecnoloxía mesma que implica, xa de por si complexa e variada. En certa maneira, e iso os usuarios sábeno ben, nada é exactamente igual unha vez que se cruza a liña do non cableado: nin o xeito de traballar (a ditadura do despacho perde peso) nin o de estudar nin sequera o xeito de levar a cabo algo tan sinxelo como pedir unha consumición nun bar (a tapa, cada vez máis, ten feitura de Wi-Fi). Falar disto é o obxectivo de Lavidawifi.com, un novo caderno acabado de chegar á xa de por si saturada blogosfera pero que ofrece, en contraposición, un eixo temático (o do panorama redeiro sen fíos) que se cadra non estivo a obter todo o tratamento que merece. O espazo en liña, posto en marcha por Gowex (unha firma española especializada en servizos de telecomunicacións), céntrase sobre todo en achegar novas e análises sobre o mundo sen fíos, abrindo-lle xanelas á actualidade e poñendo de relevo tendencias nacionais e internacionais.

Asemade, e xa que estamos nun mundo web onde todo se confunde e se enriquece (o lector, o usuario, o autor), o blog en cuestión anima á comunidade internauta a expresar as súas opinións ou datos xerais sobre calquera cuestión que teña vínculos co eido Wi-Fi.

O tema non é para menos, tendo en conta a súa liña de progresión nos últimos anos (con empresas como Google estudando se se come o pastel ou non e lanza dunha vez por todas o que se supón que é un novo servizo de balde de acceso sen fíos a Internet). Para os creadores desta bitácora corporativa, non é certo que o mundo sen fíos sexa un mundo pechado a onde só uns poucos elixidos teñen acceso: quen mercara recentemente un teléfono móbil (tendo en conta as últimas tecnoloxías e servizos incorporados) está xa equipado para pasar a formar parte do club.



Arteixo Telecom



LINUX EDUCATIVO

ESE LONGO E CÁLIDO VERÁN

1.- Kung Fu e os sete vampiros de ouro

Alguén viu a peli do título? Non é moi gloriosa, a verdade. É unha das últimas e non mellores producións da mítica Hammer –neste caso Hammer-Shaw. Trata un chinés que vai a Transilvania e cae nas mans de Drácula para tirar este proveito do seu propio corpo e poder ir ao país asiático e, coa axuda de sete vampiros que levan un colgante de ouro –con feitura da ave noitarena en cuestión, of course-, comeza a sementar o mal por aqueles lares de Oriente. De xeito evidente, por alí están o doutor Van Helsing e o seu fillo para organizar unha partida na súa procura. Para que a peli se asemelle máis a un subproduto de karate, o incombustible cazavampiros Peter Cushing ten que organizar unha banda de sete irmáns versados en artes marciais diferentes –lombo, machada- contra o Rei dos Non Mortos.

O filme non tería meirande importancia se non fose

por un detalle: eu, coleccionista de películas de terror, quixen ripear o orixinal para podelo levar no meu netbook. E como todo o mundo sabe, estes aparellos non teñen unidade de DVD co obxectivo de alixear o seu peso. Despois dunha chamada, un compañeiro deixou-me finalmente unha unidade de gravación de DVD externa USB que o meu portátil con Trisquel GNU/Linux Mini recoñeceu sen dificultade. O necesario era un software fiable para ripear a película. Tiña empregado había tempo o popular Acidrip e nada teño que dicir sobre a súa eficacia –a filosofía do software de Unix, a fin de contas. O problema é que alguén me fala dun software que comezaba a ser de uso cada vez máis común: HandBrake. E había que probalo. Todo o malo sería perder un pouco de tempo; pero estabamos no verán, non? E tempo é o que temos.



2.- Un intre KITKAT?

A primeira impresión de Handbrake é boa. A interfaz está moi ben coidada. É multiplataforma –hai unha versión para Mac, o deus pagán ao que algúns, non sen vergoña, aínda rendemos culto. É intuitivo de abondo, e manexa os formatos máis populares de compresión de vídeo: AVI e máis MPEG4. Falla un pouco no audio, traballa con AAC pero non con MP3 –polo menos a versión que instalei. Isto convérteo nun produto un pouco inferior a Acidrip a nivel de codecs, porque non dá máis opcións, pero son posibilidades frecuentadas por freaks ou especialistas. Para o vulgar morta –o que quere facer copias privadas legais –por se o le alguén da SGAE- dos seus DVDs– é máis que suficiente. Porén, permite preparar as películas para outputs como o iPhone ou Quicktime. Algo é algo.

Está en inglés, pero isto non é un punto negativo dende o intre que o idioma anglosaxón é a koine ou lingua franca do software GNU/Linux. É como “C”, pode

que non te guste, pero se queres programar para GNU/Linux non tes outra opción que aprendelo. Cést la vie.



O que si é importante é que o rendemento é máis baixo có de Acidrip. É máis lento na codificación. E cando digo lento, digo LENTO. Se Acidrip tarda en xerar un ficheiro AVI de 700 megabytes con XVID e Lamemp3 unhas catro horas, HandBrake tarda máis de seis. Supoño que por iso a icona do programa é unha piña e unha copa de bebida caribeña. Non hai preña. Goza do calor do verán. Coma nos tempos de instalación das primeiras Guadalinux, deixa traballar ao ordenador e vaite facer un bocata ou a tomar un café cos compañeiros.

Recomendo o software? A verdade é que si. No verán todo aquilo que nos convida a unha bebida refrescante e a compartir un tempo de charla cos amigos é bo. Outra das vantaxes do software libre: será lento, pero co obxectivo de fomentar a comunidade. O devandito, gozade das vosas merecidas vacacións. Lémonos.

AGASOL renova a súa xunta directiva

AGASOL, a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (www.agasol.org), vén de facer pública a nova composición da súa xunta directiva, que foi elixida durante a celebración da Asemblea Heral, o pasado 20 de xullo en Santiago de Compostela.

Logo de que, a finais de febreiro, o anterior presidente de AGASOL, Javier Vázquez, anunciase a súa baixa ao mando desta agrupación, esta renovación facíase “imprescindible” para os membros da entidade, que agora teñen como máximo mandatario ao membro da empresa Tegnix e ben querido polo equipo de redacción de Código Cero, Roberto Brenlla.

Brenlla, recoñecido activista na promoción do software libre alén dos nosos lindes, sucede a Javier Vázquez na presidencia de AGASOL, logo de dous anos de actividade incansable nos que a entidade acadou importantes logros no eido das novas tecnoloxías da información.

Hunto a Brenlla estarán na vicepresidencia, segundo anuncia AGASOL na súa páxina web, Jorge Vázquez de Redegal; como secretario continúa José Ramón Pena, de Inforede; e como tesoureiro Haime Garaboa, de Signo. Os catro vogais son David Pardo, de Corunet; José Manuel Monteagudo, de Bora Telecom; Óscar González Represas, de IT6; e Marcos Pita, de Egalcom.



Agora, Brenlla, socio fundador de A6NIX, promotor da distribución GNU/Linux en galego e un dos defensores do software libre máis coñecido na nosa terra pola súa fervorosa defensa das aplicacións abertas nas empresas, vai centrar os seus esforzos na continuidade de AGASOL, mirando pola boa progresión da asociación e polo cumprimento de tódolos seus obxectivos.

Firefox 3.5, rei en Europa



A versión 3.5 do navegador libre Firefox vai cara adiante coma se ademais de ser un raposo de lume (iso é o que significa o seu nome) tivese preña real por chegar a algunha parte. Segundo datos achegados estes días por StatCounter ou a comunidade Asycom, o que ha comezou ben, con cinco millóns

de descargas a poucos días do seu lanzamento, desenvolvéndose logo con bo pé (reinando en Europa e de maneira indiscutible), segue a dar sinais de espallamento. Ao parecer, o navegador libre da Fundación Mozilla (que grazas ao labor do Centro Mancomún ha podemos, e dende o primeiro día, descargar en galego, concretamente en gl.www.mozilla.com/gl/) gañoulle case un 10,3% de cota de uso –a nivel europeo- ao seu principal competidor, o Internet Explorer de Microsoft.

Isto tamén é aplicable a Estados Unidos, onde a Ferramenta libre anda a piques de acadar a mesma porcentaxe, que no caso de Firefox é do 44% e no do navegador da casa de Bill Gates é do 46,2%.

Por certo que para quen non semellan pintar as cousas de igual maneira é para o navegador chamado a converterse no terceiro en discordia, o Google Chrome, que malia os bos resultados de funcionalidades que deu non acaba de coller forza, nin en Estados Unidos nin en Europa. Volvendo a Firefox, dicir que as previsións apuntan a que en EE UU superará en breve ao Internet Explorer.

PROXECTO IN-TIC: SISTEMA DE ACCESO UNIVERSAL AO COMPUTADOR

O EQUIPO DE DESENVOLVEMENTO PERTENCE
Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA E ESTÁ
INTEGRADO POR IVÁN MOURELO, ALBERTO
MOREIRAS, BETANIA GROBA, THAIS POUSADA,
LAURA NIETO E JAVIER PEREIRA



O proxecto In-TIC (Integración das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións nos colectivos de persoas con discapacidade) posibilita que persoas con diversidade funcional poidan mellorar a súa autonomía persoal e a usabilidade do computador. Para isto, emprega un sistema de teclados virtuais personalizables para acceder a todas as funcionalidades e opcións do ordenador. Trátase dun proxecto impulsado pola Fundación Orante e realizado polo Centro de Informática Médica e Diagnóstico Radiolóxico (IMEDIR) da Universidade da Coruña. A día de hoxe, esta xa desenvolvido para a plataforma Windows e se está a traballar na migración a Linux e Mac.

Decrición

As Tecnoloxías da Información e as Telecomunicacións (TIC) son unha ferramenta moi útil para acurtar as distancias no mundo dixital no que vivimos. Porén, cando estas tecnoloxías se ofrecen á sociedade, se non se fai da maneira máis axeitada, atendendo ás necesidades das persoas con discapacidade e ás persoas maiores, fanse en moitos casos complicadas de empregar. Por este motivo, para estes colectivos a integración non se produce, xerando un efecto inverso, incrementando a distancia entre os usuarios das novas tecnoloxías e os que non as utilizan, producindo o que se coñece como a fenda dixital. Para evitar esta situación, cómpre levar adiante iniciativas decididas de inclusión como a que se propón no proxecto In-TIC.

É por isto polo que dende o Grupo RNASA-IMEDIR do Centro de Informática Médica da Universidade da Coruña viuse a necesidade de crear unha ferramenta que fixera máis doado o acceso e o uso das novas tecnoloxías entre o máximo número de persoas posible, abrangendo diferentes tipos de necesidades, tanto a nivel físico e sensorial como psíquico e intelectual.

Este procese acádase a través da creación de interfaces ou pantallas virtuais (como a da figura 1) deseñadas de maneira específica para as capacidades de cada usuario, simplificando o uso do ordenador.




Figura 1, exemplo de interface

Nesta figura 1 amósase un exemplo de unha destas pantallas, onde o acceso a Internet ou a unha ferramenta para escribir (como por exemplo o Word) simplifícase seleccionando o botón axeitado sobre a pantalla. Isto evita que o usuario teña que facer un click duplo sobre unha icona ou seleccionando as opcións de Arquivos de programa-Microsoft Office e Word.

O proxecto In-TIC, unha vez instalado nun computador, amosa unha pantalla inicial con diferentes usuarios/as. Cada un/unha selecciona a súa imaxe e o aspecto do computador muda mostrándose só aquelas opcións que son de interese para a persoa que o manexe.



Figura 2, Teclado personalizado para un usuario específico

As necesidades varían en función das capacidades das usuarias e dos usuarios e dos atrancos que xurdan. Por exemplo, existen distincións entre persoas cun déficit físico ou sensorial que atoparán unha barreira nos periféricos de entrada ao computador (como o rato ou o teclado) e persoas con discapacidade sensorial que presentarán dificultades nos periféricos de saída do computador (pantalla, altofalantes, impresora).

Por este motivo, en función das capacidades e as demandas das persoas que accedan a estes recursos, crearanse ou mudaranse os teclados específicos co obxectivo de acadar a máxima marxe de uso das novas tecnoloxías por parte de todas as usuarias e usuarios (figura 2). Son os profesionais os encargados de crear estas pantallas personalizadas para tirar proveito das capacidades e intereses de cada persoa.

Segundo sinala o equipo responsable do seu desenvolvemento, as posibilidades terapéuticas e de aplicación do software In-TIC son múltiples, dada a ampla marxe posta en xogo para a máxima adaptación ás características persoais e prioridades de cada quen, tanto no que se refire aos teclados como aos interfaces creados.

A interacción co ordenador vese, ademais, facilitada pola posibilidade de integrar distintas axudas técnicas ou dispositivos de apoio (hardware) como emuladores de rato, premedores ou pantallas táctiles, en combinación co programa In-TIC.

Segundo apuntan os seus responsables, xa está habilitado un portal específico dende o que é posible descargar a aplicación e todas as novidades relacionadas co proxecto: <http://www.intic.udc.es>.

Presentación en Santiago

O salón de actos do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (Santiago) acolleu a presentación oficial do proxecto In-TIC, unha iniciativa que, como explicamos nesta mesma páxina, permítelles ás persoas con diversidade funcional (física, cognitiva ou sensorial) mellorar súa autonomía grazas a un sistema de apoio tecnolóxico concreto. Este facilita o uso de das funcionalidades e programas de ordenador a través da creación e configuración de teclados virtuais, de xeito que abre o acceso á Rede, á execución de aplicacións, xogos, etc.



O sistema pode empregarse tanto en ordenadores de sobremesa coma en portátiles, Tablet PC e teléfonos móbiles, e estará dispoñible de balde para a súa descarga a través da páxina web propia de seu. Esta iniciativa foi impulsada pola Fundación Orange, e o seu desenvolvemento íntegro foi obra do Centro de Informática Médica e Diagnóstico Radiolóxico da Universidade de A Coruña, participando na súa presentación o director do Centro de Novas Tecnoloxías, Antonio Blasco; a secretaria xeral de Benestar (Consellería de Traballo e Benestar), Susana López Abella; a vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxía da UDC, M^a Elena Sierra Palmeiro; o director do Grupo RNASA-IMEDIR, Alejandro Pazos Sierra; e o director xeral da Fundación Orange, Manuel Gimeno.

Todas as novidades relacionadas co proxecto están a disposición dos usuarios para a súa descarga de balde en:

<http://www.intic.udc.es>



BAND HERO CHEGARÁ Á NINTENDO DS CON NOVOS ACCESORIOS



Seguindo coa franquía de *Guitar Hero* para a Nintendo DS, Activision anuncia que *Band Hero* (a versión poqueira do xogo guitarreiro que sairá en novembro) terá a súa propia versión para a portátil de Nintendo, que para conseguir unha experiencia de xogo axeitada contará con novos accesorios de xeito que será posible facer uso de guitarra e baixo (cun accesorio coma o que xa incluía o *Guitar Hero On Tour*), a voz e mesmo a bate-

ría (cun recubrimento de goma que pode colocarse sobre os botóns da Nintendo DS dándolles a forma dunha batería normal, aínda que continuará sendo posible xogar valéndose da pantalla táctil da consola).

O *Band Hero DS* incluirá 30 temas de grupos actuais coma Blink-182, Avril Lavigne, The Killers, KT Tunstall e Fall Out Boy, e coma novidade tamén ofrecerá un editor de rockeiros que permitirá personalizar os personaxes do xogo.

Segundo parece, o *Guitar Grip* continúa a funcionar conectado ao porto de Game Boy Advance da Nintendo DS, polo que sería incompatible coa nova Nintendo DSi.



A diferenza entre o *Guitar Grip* de *Guitar Hero On Tour* e *Band Hero* será só estética

EL PODER DE LA FUERZA CONTARÁ CON NOVAS EXPANSIÓNS

A saga cinematográfica de *Star Wars* segue con moita forza lonxe da grande pantalla, e tanto na televisión como nas consolas de videoxogos está a vivir sendas aventuras paralelas, resultando especialmente rechamante a última xogada de LucasArts, que anunciou novas expansións descargables para o xogo *Star Wars: El Poder*



Na expansión *Tatooine* debemos manter a *Obi-Wan Kenobi*, atopando no camiño ao cazarrecompensas *Boba Fett*

de la Fuerza (nas súas edicións de PlayStation 3 e Xbox 360), que están ambientadas en universos paralelos, de xeito que poderemos retomar o xogo partindo de cambios argumentais profundos que situarían a acción fóra da continuidade oficial das aventuras creadas por George Lucas.

Para o outono chegará unha nova trama *Infinities*, ambientada no planeta *Tatooine*, e que parte dun final alternativo de *El Poder de la Fuerza* no que o protagonista tería matado a *Darth Vader* e tomado o seu lugar a carón do Emperador, converténdose no sith máis poderoso do universo. Esta aventura será enviada a *Tatooine* para eliminar a *Obi-Wan Kenobi*, visitando tamén o palacio de *Jabba the Hutt* e atopándose co coñecido cazarrecompensas *Boba Fett*.

E antes de rematar o ano está previsto o relanzamento do xogo nunha Edición *Sith* que incluirá as expansións que foron saíndo nos últimos meses, incluíndo un nivel exclusivo no que conclúe a trama *Infinities* e no que *Starkiller* é enviado ao planeta *Hoth* para rematar coa Rebelión, tendo que enfrontarse ao propio *Luke Skywalker* e visitar algunhas localizacións emblemáticas de O Imperio Contraataca.



A expansión de *Hoth* permitiranos loitar contra *Luke Skywalker*

Tamén anuncian que o xogo chegará a PC e Mac antes de rematar o ano, e matizan que o agardado *Star Wars: Las Guerras Clon - Héroes de la República* retrasa o seu lanzamento de setembro a outubro.

LOS SIMS 3 LIDERA AS VENDAS DE VIDEOXOGOS EN ESPAÑA

As vendas de videoxogos en España no mes de xuño publicadas por aDeSe poderían ser unha impresionante sorpresa por abandonar Nintendo a primeira posición, en vista do título para PC que logrou colarse no primeiro e no 6º posto a sorpresa desaparece, pois falamos das edicións normal e de coleccionista de *Los Sims 3*, que será un éxito rotundo durante meses, tanto no xogo en si como nas súas futuras expansións.

Despois deste éxito de Electronic Arts, Nintendo segue a dominar co seu *Pokémon Platino* (Nintendo DS) no segundo posto, seguido de *Wii Fit*, *Wii Play* e *Active Personal Trainer* (todos xogos para Wii que inclúen algún tipo de accesorio coma o *Mario Kart* que ocupa a 8ª posición). Tamén a consola de alta definición de Sony logra facerse un espazo nas posicións 7ª e 10ª con *Virtua Tennis 2009* e *Prototype*, mentres que a 9ª posición está dominada polo xa clásico *El Profesor Layton y la Villa Misteriosa* (Nintendo DS).

Xuño non parece ser así un grande mes para a PlayStation 2, a PSP e a Xbox 360 á hora de introducir superventas no mercado, o que non indica que movan un volume reducido de títulos nas vendas, resultando curioso que o xogo máis vendido para a consola de Microsoft (*Prototype*) só chegue ao 2º posto na PS3 e aínda así non entre nos 10 máis vendidos. Curiosamente as vendas tamén constatarían que as boas críticas da prensa especializada non se reflicten directamente nas vendas, e aínda que na guerra entre *Prototype* e *Infamous* (xogos de semellante temática, pero sendo o último exclusivo de PS3) a crítica consideraba superior a *Infamous*, nas vendas para PS3 tivo que conformarse cun 7º posto, polo que o xogo protagonizado por *Alex Mercer* está a darlle unha auténtica malleira nas vendas, posiblemente polo ruñerulle, xa que os comentarios dos usuarios coinciden en que aínda que *Prototype* non é o mellor xogo do mundo tecnicamente falando, resulta sumamente espectacular e divertido.



Natalia Verbeke foi a madriña de *Los Sims 3* durante o seu lanzamento en España

Moi axiña...

*algo vai cambiar
en Código Cero!*



Código  **Cero**

A túa revista e portal web de novas tecnolóxicas



sociedadedainformacion.eu

Estratexia galega da Sociedade da Información

A Sociedade da información

AO ALCANCE DA TÚA MAN

www.sociedadedainformacion.eu



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA